

Número 1 - Ano 2025.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de xaneiro de 2025

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e nove minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Dá fe do acto a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 27 de xaneiro de 2025 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 28 DE NOVEMBRO -ORDINARIA- E 17 DE DECEMBRO -EXTRAORDINARIA, DO ANO 2024.

A) PARTE RESOLUTIVA

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN

2/2 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DO CONCELLO DE LUGO.

FACENDA LOCAL

3/3 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN DE HUMIDADES NA CABECEIRA DA CATEDRAL, PRESENTADA POLA CONSELLERÍA E CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA.

INTERVENCIÓN

4/4 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA O EXERCICIO 2025 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

PROPOSICIÓNS

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 12/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO 2025 (Exp. 2025/G004/000027).

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 13/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO SECTOR DO TAXI (Exp. 2025/G004/000029).

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 14/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN PLAN DE INICIATIVAS DESTINADO A QUE O COÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE SE INTEGRE NO DESEÑO E NAS ESTRATEXIAS DA CIDADE (Exp. 2025/G004/000032).

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 15/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ADOpte DIVERSAS MEDIDAS NO BARRIO DE RECATILO E O PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO (Exp. 2025/G004/000033).

9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 16/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO FINALICE A AVENIDA VILA VERDE DE PORTUGAL (Exp. 2025/G004/000034).

10/10 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 17/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE XESTORES ADMINISTRATIVOS PARA O RECOÑECEMENTO DA CONDICIÓ DE REPRESENTANTES AOS SEUS COLEXIADOS/AS NOS EXPEDIENTES MUNICIPAIS (Exp. 2025/G004/000035).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

11/11 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE O CONTROL DA EXISTENCIA DE OBRIGACIÓNS DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS OU BENS E SERVIZOS RECIBIDOS SEN IMPUTACIÓ ORZAMENTARIA (CONTA 413) DO EXERCICIO 2023.

12/12 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DOS CONTRATOS MENORES CELEBRADOS CUN MESMO CONTRATISTA NO EXERCICIO DE 2023 POR IMPORTE SUPERIOR AO UMBRAL DA CONTRATACIÓ MENOR.

TESOURERÍA.

13/13 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO 2024.

ACTAS E GOBERNO

14/14 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (Exp. 2025/G004/000001).

15/15 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000022).

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

16/16 TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO FORMULADA POR DON FELIPE RIVAS JORGE, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2024/G004/000026).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN AS MEDIDAS PRECISAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DO INMOBLE E DA VECIÑANZA DA DISCOTECA VALENTINO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL E LOCALIZADA DO PXOM NAS DISPOSICIÓN SOBRE VOLUME DA ORDENANZA DE QUINTEIRO PECHADO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA PISTA DA CHAIRA EN OMBREIRO QUE DA ACCESO A UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AVALIACIÓN DE QUE O VÉRTICE DAS RÚAS RÍO SIL, POMBAL E FERRO CAAVEIRO SE POIDA DESTINAR A APARCADOIRO PROVISIONAL DE VEHÍCULOS.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROCEDEMENTO A LEVAR A CABO E A LIQUIDACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLOS PROMOTORES QUE DESEXEN CELEBRAR EVENTOS CULTURAIS NO AUDITORIO FUXAN OS VENTOS.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO EDIFICIO IMPULSO VERDE.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A APERTURA E FUNCIONAMENTO DA CAFETERÍA DO VELLO CÁRCERE.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CONFLITO ACTUAL NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E SOBRE A RELACIÓN COS MÚSICOS E A SÚA SITUACIÓN LABORAL E A XESTIÓN E FUTURO DESTA ESCOLA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 28 DE NOVIEMBRE -ORDINARIA- E 17 DE DECEMBRO -EXTRAORDINARIA, DO ANO 2024.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 21 de xaneiro de 2025, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno o día 28 de novembro de 2024 celebrou a sesión ordinaria correspondente ao referido mes. Así mesmo, o día 17 de decembro de 2024 celebrou sesión extraordinaria para, entre outros, proceder a aprobación definitiva da modificación de determinadas ordenanzas fiscais. De ámbalas dúas sesións se levantaron as actas correspondentes que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas pola secretaría xeral do Pleno e pola alcaldesa presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes á sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro e á sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro do ano 2024, respectivamente.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR as actas correspondentes á sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro e á sesión extraordinaria celebrada o 17 de decembro do ano 2024,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

respectivamente.

A) PARTE RESOLUTIVA

MOBILIDADE URBANA E SANCÍONS

2/2 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DE TAXI DO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCÍONS, do 15 de xaneiro de 2025, conformado polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, do seguinte teor literal:

Antecedentes de Feito

Proposta da Asociación de Profesional de Trabaxadores Autónomos de Auto Taxi y Gran Turismo de la Provincia de modificación de tarifas de taxi para o ano 2025 conforme o estudo económico que consta no expediente, do seguinte teor:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95 €

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta/bulto gratuíto- Máximo 2 suplementos.

A Asociación propoñente da modificación descrita baséase en parámetros obtidos dos datos que manexa o propio sector como son o tipo de servizos prestados e kilómetros percorridos. Propoñen modificacións en canto ó axuste do horario tarifa diurna/tarifa nocturna mantendo o importe da baixada de bandeira co establecemento de 1.700 metros ou tempo equivalente e a eliminación dos suplementos por saída de estación.

O estudo que se achega pola Asociación de Taxis utilizado para o cálculo da reestructuración das tarifas ten en conta gastos de persoal (cálculo de salario anual e titular asalariado e costes de seguridade social) gastos de explotación (IVTM, seguros, cuota de Radiotaxi, ITV...), e datos estatísticos (estimación de kilómetros anuais a percorrer, en vacío, en servizo, horas traballadas, número de servizos anuais e outros), gastos do vehículo e estimación de ingresos a percibir coa proposta de modificación.

Para o establecemento das tarifas haberanse de ter en conta varios condicionantes técnicos como son:

- 1.- As cantidades que marque o contador deben ser múltiplos de 0,05 €, por ser este o valor de paso, é dicir, os saltos do taxímetro deben ter unha resolución de 5 céntimos de euro, e este é un requisito do aparato taxímetro segundo o anexo XI do RD 889/2006, de 21 de xullo polo que se regula o control metereolóxico do Estado sobre os instrumentos de medida. Polo tanto a tarifa "baixada de bandeira" ha de seguir ese criterio.
- 2.- Os suplementos han de conservar a actual simplificación e adoptar o criterio de valores redondeados coa fin de facilitar a suma á cantidade marcada no taxímetro.
- 3.- Evolución do IPC.
- 4.- Mellora na calidade do servizo e o custe que ten para os titulares das licenzas.
- 5.- Ofrecer ós consumidores un prezo equilibrado.

Tendo en conta o anterior e considerando a proposta presentada, cabe sinalar o seguinte:

- Tarifa 1: Días laborais de 06:00 a 22:00 horas.

A tarifa de baixada de bandeira supón un incremento do 17,3% respecto das tarifas vixentes tendo en conta que se correspondería co percorrido dunha distancia de 1.700 metros. Pásase de 3,75 a 4,40 €.

Kilómetro percorrido: supón un incremento dun 6,7% sobre a tarifa vixente pasando de 1,03 a 1,10 €.

Hora de espera: Prodúcese unha modificación respecto ás vixentes, pasando de 19,71 a 16,80€, producíndose una rebaixa dun 14,76%.

- Tarifa 2: Sábados, domingos, festivos, días laborais durante a festa de San Froilán de 06:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira: supón un incremento do 4.7% respecto das vixentes pasando de 4,20€ a 4,40€. Mantense a inclusión da distancia de 1.700 metros de percorrido ou tempo equivalente.

Kilómetro percorrido: A tarifa proposta incrementase nun 12,14% respecto das actuais pasando de 1,07 a 1,20€.

Hora de espera: Se incrementa pasando de 19,71 a 19,95€ respecto ás vixentes, polo que se incrementa nun 1.2%.

- Tarifa 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24:00 horas)

Baixada de bandeira: Incrementase nun 3.1% respecto das vixentes pasando de 4,80 a 4,95€.

Kilómetro percorrido: Pasa de 1,39 a 1,45€ o que supón un incremento dun 4.3%. Mantense a inclusión da distancia de 1.700 metros de percorrido ou tempo equivalente

Hora de espera: Redúcese de 26,98 a 25,00 € o que supón unha rebaixa dun 7.3%.

Suplementos (equipaxe-maleta ou bulto): Propónse unha tarifa de 0,60€ con gratuidade para a primeira maleta ou bulto con un máximo de 2 suplementos, supoñendo un incremento dun 9%.

Normativa de aplicación:

- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia, modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais, administrativas que regula o réxime económico do servizo de taxi.

Art: 40. 1: *“A prestación do servizos de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que deberán garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización, e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.”*

Art: 40.4: *“As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou no seu caso polas entidades competentes das áreas de prestación conxunta. Estas tarifas serán de aplicación aos servizos interurbanos, no tramo que discorra polo termo municipal de orixe do transporte. Fóra deste, aplicaranse as tarifas interurbanas que serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia. Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa á súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, para solicitar as condicións que estime pertinentes. En todo caso, a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.”*

- Lei 7/1996, do 7 de xuño, de Medidas urxentes de carácter fiscal e fomento e liberalización da actividade económica (disposición final, Anexo II)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Decreto 230/2020, do 23 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.
- Decreto 106/1984, do 24 de maio, polo que se modifica e regula a composición e funcións da Comisións de Prezos de Galicia.

En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €*
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €*
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €*
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto. Máximo 2 suplementos.

SEGUNDO: A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2025, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO: Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO: De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 27 de xaneiro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, inicialmente as seguintes tarifas que han de rexer o servizo de autotaxis:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €*
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €*
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €*
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto. Máximo 2 suplementos.

SEGUNDO.- A vixencia das tarifas aprobadas para o ano 2025, manterase ata a súa modificación polo procedemento legal e regulamentariamente establecido.

TERCEIRO.- Dar traslado da proposta de modificación das tarifas de taxi presentada pola Asociación Profesional de Traballadores Autónomos de Autotaxi e Gran Turismo da Provincia de Lugo ás asociacións profesionais de traballadores e empresarios do taxi e ás de consumidores e usuarios, así como ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para que, en trámite de audiencia e información pública e por un prazo de quince días hábiles, os interesados poidan formular cantas alegacións e suxerencias teñan por conveniente.

CUARTO.- De non presentar alegacións ou suxestións no prazo de audiencia, dar traslado de dita proposta de modificación das tarifas ó CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES para que en audiencia preceptiva e previa á aprobación polo Excmo. Concello Pleno, expoña as consideracións que estime pertinentes para a súa posterior remisión á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para autorización dos prezos máximos do servizo de transporte en taxi.

FACENDA LOCAL

3/3 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN DE HUMIDADES NA CABECEIRA DA CATEDRAL, PRESENTADA POLA CONSELLERÍA E CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA EXCMA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 17 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES: Con data 09.07.2024, XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (S1511001H) presenta licenza urbanística para as obras de reparación de humidades na cabeceira da Catedral. Na devandita solicitude, solicítase *“a concesión dunha bonificación sobre a cota do Imposto de Construcción, Instalacións e Obras (ICIO) ao abeiro do establecido non artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais”* (exp. 2024/Y001/000184).

Con data de 09.12.2024, XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (S1511001H), presenta escrito solicitando a declaración de *“especial interese ou utilidade pública en relación á licenza para as obras de reparación de humidades da cabeceira da catedral de Lugo”*. No devandito escrito, o interesado indica o seguinte:

“No seu plan de actuacións e investimentos, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto executar as obras correspondentes ao antedito proxecto. Como complemento da solicitude de licenza enviada o 9.07.2024 e para que se aplique a bonificación sobre a cota do Imposto de Construcción, Instalacións e Obras (ICIO) que lle corresponde, solicito dese Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade pública para as obras de referencia.” (exp. 2024/Y001/000184)

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4º bis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2024, establece:

“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.”

Visto o informe de Facenda Local de data 17.12.2024 segundo o que:

1) XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (S1511001H) solicita a declaración de especial interese para a aplicación da bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, consistentes na reparación de humidades na cabeceira da Catedral.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que establece unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude presentada pola XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (S1511001H), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para as obras de reparación de humidades na cabeceira da Catedral, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 27 de xaneiro de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR a solicitude presentada pola XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA (S1511001H), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para as obras de reparación de humidades na cabeceira da Catedral, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

4/4 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA O EXERCICIO 2025 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 22 de xaneiro de 2025, do teor literal seguinte:

“O proxecto do Orzamento Xeral Consolidado da Corporación para o ano 2025 ascende nivelado en ingresos e gastos a 121.119.314,86 euros e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, e está integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 121.119.314,86 euros.
- O da empresa EVISLUSA, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 376.079,16 euros .

- O Orzamento da propia Corporación distingue entre gastos e ingresos correntes, de capital e financeiros, en euros:

• Gastos correntes:	108.248.553,80 €
• Ingresos correntes:	111.659.314,86 €
• Gastos de Capital:	9.970.761,06 €
• Ingresos de Capital:	500.000,00 €
• Gastos financeiros:	2.900.000,00 €
• Ingresos financeiros:.....	8.960.000,00 €

O Orzamento da empresa EVISLUSA distingue entre:

• Gastos.....	376.079,16 €
• Ingresos.....	376.079,16 €

Os estados de gastos e ingresos por Capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

RESUMO POR CAPÍTULO

ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€) **ESTADO DE GASTOS**

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Gastos de persoal	37.769.342,58
2.- Gastos en bens correntes e servizos	63.453.135,85
3.- Gastos financeiros	380.000,00
4.- Transferencias correntes	6.246.075,37
5.-Fondo de Continxencia e outros imprevistos	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Investimentos reais	9.095.945,06
7.- Transferencias de capital	874.816,00

C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	2.900.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00

TOTAL ORZAMENTO121.119.314,86

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos	43.914.845,85
-----------------------------	---------------

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

2.- Impostos Indirectos	5.788.034,68
3.- Taxas e outros ingresos	26.700.170,00
4.- Transferencias correntes	34.622.764,33
5.- Ingresos Patrimoniais	633.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	500.000,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	8.860.000,00

TOTAL ORZAMENTO	121.119.314,86
------------------------	-----------------------

ORZAMENTO DA EMPRESA EVISLUSA (€)**A) GASTOS**

- Aprovisionamentos (actividade)	0,00
- Gastos de Persoal	336.863,20
- Outros gastos de explotación (xerais)	39.215,96
TOTAL.....	376.079,16

B) INGRESOS

- De explotación (Actividades singulares)	8.000,00
- Outros ingresos explotación (Act. Ord.)	368.079,16
TOTAL.....	376.079,16

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO**ESTADO DE GASTOS (€)****A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Gastos de persoal	38.106.205,78
2.- Gastos en bens correntes e servizos	63.491.779,12
3.- Gastos financeiros	380.000,00
4.- Transferencias correntes	5.870.568,90
5.- Fondo de Continxencia.....	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Investimentos reais	9.095.945,06
7.- Transferencias de capital.....	874.816,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	2.900.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00
TOTAL ORZAMENTO	121.119.314,86

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos	43.914.845,85
2.- Impostos Indirectos	5.788.034,68
3.- Taxas e outros ingresos	26.700.170,00
4.- Transferencias correntes	34.622.764,33
5.- Ingresos Patrimoniais	633.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	500.000,00

C) OPERACIÓNS FINANCIERAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	8.860.000,00

TOTAL ORZAMENTO	121.119.314,86
------------------------------	-----------------------

Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da propia Entidade.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- 1º. Plan de Investimentos do 2025.
- 2º. Proposta da xerencia da sociedade mercantil do Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa EVISLUSA.
- 3º. O estado de consolidación de tódolos orzamentos que integran o Xeral.
- 4º. Estado de previsión da débeda.

Ó Orzamento da propia Corporación únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2023, resumida por capítulos.
- Avance da liquidación de 2024, resumida por capítulos en ingresos e gastos, referenciada a 30.09.2024.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado.
- Informe económico-financeiro.
- Informe da Intervención Xeral.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

Por todo o exposto, e logo de terse celebrado o 22.01.2025 a sesión do Consello Económico e Social, de acordo co disposto no artigo 3.a do seu regulamento de funcionamento, así como a aprobación do Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio 2025, na Xunta de Goberno Local da mesma data

Proponse ao Excmo. Concello Pleno a aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2025, e a adopción dos seguintes acordos:

1º. Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2025 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **121.119.314,86** euros, e atende ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **121.119.314,86** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **376.079,16** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2025, segundo consta en documento anexo ao expediente.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 27 de xaneiro de 2025.

3. EMENDAS presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro de Pleno o día 28 de xaneiro de 2025, números de rexistro de entrada 34 a 44, ambos inclusive.

4. MANIFESTACIÓNS da secretaria xeral do Pleno, efectuadas a instancia da alcaldesa presidenta, no transcurso do debate do asunto, nas que indica que, ao seu xuízo, as emendas presentadas non se axustan ao prazo e as determinacións - algunha delas- establecidas nos artigos 99 e 100 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo.

En consecuencia, ditas emendas non deberían ser admitidas por extemporáneas e, polo tanto o que se somete á consideración do Excmo. Concello Pleno é a proposta da alcaldesa, xunto coa documentación complementaria que acompaña, ditaminada pola Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto da Cidade, celebrada o día 27 de xaneiro de 2025, e incluída na orde do día desta sesión plenaria, conlevando a inadmisión das referidas emendas.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2025 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **121.119.314,86** euros, e atende ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **121.119.314,86** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **376.079,16** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2025, segundo consta en documento anexo ao expediente.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra polo goberno Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias alcaldesa. Como saben, se presentó la semana pasada el proyecto de presupuestos municipales para el año 2025. Hoy no cabe otra cosa más que reiterar en este Pleno que su materialización va a permitir que a lo largo de este año Lugo avance en la calidad de los servicios que se prestan a la ciudadanía, algo que desgraciadamente a ojos de la oposición es un despilfarro. Como decía, los presupuestos con los que Lugo contará este año contribuirán a mantener el escudo social, pero también a que se consolide el proceso de dinamización económica en el que estamos inmersos y se genere empleo y, por tanto, a que sigamos ganando población y crecimiento como municipio, siendo un referente social, económico y cultural para toda la provincia.

Tal y como explicó en su día la alcaldesa, el cambio de la coyuntura internacional y nacional, sumado la previsión de ingresos provenientes de otras administraciones, nos han permitido diseñar unas cuentas centradas en el reequilibrio financiero. Después de unos años de importante esfuerzo económico realizado por el gobierno local para minimizar el impacto de las sucesivas crisis sanitarias, sociales y de precios que han tenido en las economías domésticas. De este modo, el documento fija unos objetivos claros que sustentan en cinco campos de actuación: la lucha contra las desigualdades, la regeneración de los barrios, la promoción de la actividad económica, la potenciación del patrimonio natural y la inversión en educación, cultura, deporte e innovación, para garantizar el futuro de las próximas generaciones.

Para llevar a cabo este trabajo, en 2025 dispondremos de uno de los presupuestos más elevados de la historia del Concello de Lugo, que ascenderá a 121.119.314 euros. Es un presupuesto equilibrado y que hace una previsión realista, rigurosa, de la percepción de ingresos. Son especialmente, como decíamos, unas cuentas tremendamente comprometidas. En cuanto a políticas sociales se refiere donde aumentamos la consignación para mejorar las prestaciones públicas y la protección social. Sinceramente, nos cuesta muchísimo entender cómo estos aspectos pueden ser considerados como un derroche de recursos, cuando se trata precisamente de todo lo contrario: de garantizar la cobertura de servicios esenciales para la población, de mejorarlos y ampliar su rango de acción y dimensionarlos conforme a las necesidades reales de nuestro ayuntamiento. En definitiva, de avanzar en el estado de bienestar al que, simplemente para lograr un desgaste político, el Partido Popular, por desgracia, siempre se opone en virtud de otros intereses que, desde este gobierno, consideramos menos legítimos.

Son además unos presupuestos que atienden a la finalización de proyectos ya iniciados y que, tras los contactos mantenidos con el tejido asociativo y vecinal durante el último año, tratan de recoger y responder a las reivindicaciones ciudadanas. En cuanto a las cifras de las que se compone, para no ocupar toda mi intervención en repasarlas, relataré solo algunas de las más destacadas, puesto que, además, los integrantes de la Corporación ya disponen de la documentación correspondiente.

El volumen previsto de ingresos no financieros se incrementa casi un 4% hasta llegar a los 112.159.314 euros, que en buena medida debido a los ajustes en las figuras impositivas y tributarias que se realizaron a finales del año pasado y que permite al Ayuntamiento acercarse un poco más al autofinanciamiento de los servicios exigido por la normativa. En cuanto al total de las operaciones corrientes, dentro de las que se incluyen los gastos de personal, las compras y bienes corrientes, los gastos financieros, las transferencias corrientes, y los gastos patrimoniales. Como aclaración para aquellos que tratan de desvirtuar el concepto de gasto corriente dándole un sentido peyorativo, este se sitúa en los 108.248.553 euros, siendo 1,2 millones superior al del 2024, con la finalidad de atender adecuadamente las necesidades del municipio y ampliar así la cobertura de las diferentes prestaciones.

Otra de las patas del incremento del gasto es el mayor esfuerzo que haremos desde el gobierno local este año para aumentar el apoyo a los colectivos y entidades locales. Las transferencias corrientes ascenderán en 2025 a 6.246.648 euros, un 5,10 más que el ejercicio pasado como muestra el compromiso del Ayuntamiento con el tejido asociativo de Lugo para colaborar y promocionar actividades de tipo cultural, social y deportivo, fomentando la conciencia vecinal y participativa. Entiendo que, como forma parte del gasto, también este esfuerzo será entendido por la oposición como parte del derroche que nos achacan.

Otro aspecto a destacar, estos presupuestos y que se prevé la posibilidad de realizar una operación de endeudamiento financiero por importe de 8.860.000 euros, cantidad sensiblemente inferior a la recogida en el ejercicio pasado. Nuevamente tengo que recuperar las palabras de la alcaldesa en la rueda de prensa que ofreció para reiterar que las operaciones de crédito son una herramienta habitual en la gestión de las cuentas de cualquier administración; Es más, el propio informe económico financiero de los presupuestos destaca la solvente posición económica del Ayuntamiento de Lugo.

En cuanto a las inversiones reais. Éstas serán del ...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señor Repetto. Continuará en la siguiente. Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, alcaldesa. Moi bo día a todas e todos. Ben, estes, son uns orzamentos que queremos definir co termo de que son ilusionantes e que permiten impulsar unha vez máis a Lugo, ao municipio de Lugo, despois dun ano, como temos descuberto, difícil no económico, pero que permite que agora poidamos relanzar, despois de ser muy responsables en todo o que se fixo durante o último período.

Destes orzamentos, hai partidas de diferentes tipos, pero a min gustárame centrarme en dous eixos que son as que transforman fisicamente esta cidade e tamén as que lle dan vida a esa transformación. E, por unha banda, no que transforma fisicamente a esta cidade, hai partidas ligadas a algúns proxectos moi interesantes, sobre algún deles si que me gustaría chamar a atención, como é a transformación da entrada do Camiño Primitivo na cidade de Lugo, que eu creo que é un dos puntos que se teñen valorado como de maior feísmo da cidade, por unha concepción urbanística de hai moitos anos, de hai 40, 50 anos, de como se planificou ese entorno e que fixo que o Camiño quedara totalmente aprisionado e case nun túnel, case non, realmente nun túnel, e que agora vai permitir transformar. Isto vai tamén no concepto de seguir avanzando nunha cidade que pon en valor o seu patrimonio e que, ademais, crea eixos peonís, porque, se temos en conta que, unha vez que se executen unha intervención que está acordada nos orzamentos de 2024 que se fará ao longo deste ano, como é a peonalización da rúa Milagrosa, vaise crear un eixo peonil de case tres quilómetros norte sur, pois coa peonalización deste contorno, que o Camiño de Santiago, o Camiño Primitivo, vaise tamén poder crear un eixo peonil leste oeste, avanzando nunha cidade que é camiñable de forma segura por distintos ámbitos. Tendo en conta precisamente isto

de crear unha cidade camiñable de forma segura, vaise seguir investindo nese plan de calmado do tráfico que se iniciou, hai uns anos, principalmente polos entornos escolares e que se foi estendendo a puntos nos que había certa conflitividade entre os peóns e os vehículos, pero sabemos, somos conscientes de que queda moito por avanzar, sigue habendo puntos perigosos, sigue habendo atropelos e, polo tanto, hai que avanzar nese ámbito, e tamén estes orzamentos van seguir traballando para unha cidade moito máis segura.

E, falando dos entornos escolares, tamén levarán partidas para mellorar precisamente eses espazos que hai diante, sobre todo, dos colexios, facendo espazos que cando os nenos e as nenas saian das súas aulas, pois estean nun lugar moito máis seguro.

Irán tamén partidas destinadas para o mantemento da vía pública, do espazo público, das calzadas, das beirarrúas, que é un mantemento que é necesario facer de forma continuada, e máis despois dun inverno coma este no que está a chover tanto e que vai ter moito máis deterioro do normal. Igual que os polígonos, onde tamén se destina unha partida moi considerable para o mantemento das infraestruturas, sobre todo viarias, que hai nos polígonos. Seguirase ampliando o cemiterio municipal, debido a que evidentemente é necesario; somos unha cidade que medra en poboación e iso, obviamente, tamén afecta ao cemiterio. Mellorarase, faranse partidas para mellorar a praza de abastos, edificios educativos, edificios culturais, etcétera, etcétera.

E, ligado a isto, van ir partidas importantes para seguir dándolle vida á cidade, e máis nun momento coma este, no que o Concello dispón dun novo edificio cultural, como é o auditorio Fuxan os Ventos, que xa está a funcionar e que, polo tanto, a actividade cultural precisa dunha maior partida económica para manter en funcionamento os catro edificios culturais que dispón o Concello de Lugo, nos catro edificios culturais, ten máis, pero os catro que teñen actividade cultural continuada. E, polo tanto, nesa liña tamén se está a planificar, como vedes xa hai unha planificación a este respecto. Nas últimas semanas incluso se achegaban aquí persoas doutros concellos e incluso doutros estados, como é o caso de xente chegada de Portugal, a coñecer a actividade cultural que estaba a ter a cidade de Lugo, porque se ve desde outros puntos que ademais é para unha cidade de 100.000 habitantes toda actividade cultural que está a haber é bastante importante. Polo tanto, consideramos que son uns orzamentos moi acaídos, moi ilusionantes e que van permitir impulsar os proxectos que temos para esta cidade.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten agora a palabra a voceira do Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ : Bo día a todas e todos. Sen dúbida, o debate de orzamentos é un dos debates máis importantes que ten esa Corporación ao ano. Realmente os orzamentos é a folla de ruta, é o proxecto que vai realizar o goberno durante os 365 días do ano. Entendiamos que tiña que ser obxecto dun debate especial e de máis tempo, pero non foi así, así que vou intentar ser o máis breve posible. Esta valoración é, normalmente, en todos os concellos, e teño que dicir que

Lugo, esa importancia é menor, porque, se temos en conta que só no ano pasado, no exercicio do 2024, de cada 10 euros que había para investimentos, o Concello non gastou nin dous, pois evidentemente a importancia é un pouquiño menor, e tamén á hora de analizar a posibilidade dende o Concello de ser o motor da cidade está moi encorsetado. Despois de dilapidar 52 millóns de euros de remanentes de tesouraría, oxalá fose en dar resposta social, pero non foi así, e logo o demostrarei, tendo menos marxe de manobra que un concello de 1000 habitantes, e cada vez que queira facer un investimento ten que ir a unha operación de endebedamento, pois, sen dúbida, non é nada esaxerado definir que o Concello o converteron vostedes nun pagador, un pagador de nóminas, presenta un cadro de persoal, que por certo foi absolutamente esquecido na elaboración destes orzamentos; é un pagador de servizos a empresas privadas, porque, todo hai que dicilo, todos os servizos públicos deste Concello están en empresas privadas. Ademais, neste último apartado, quen o ía dicir, gobernados polo Bloque Nacionalista e o Partido Socialista, cun pírrico marxe de presión ou de negociación, porque moitas destas empresas estaban sen contrato e por conseguinte a capacidade de ter un prezo competitivo está absolutamente desaparecida.

Afeo que se celebrasen sen ningún tipo de consenso nin coa oposición nin, como dicía, cos traballadores e discrepo da súa definición.

Si que vou empezar dando grazas. Grazas porque nos aceptaran, polo menos, empezar a estudar a entrada da Fervedoira, ou empezar a investir no polígono do Ceao, ou que recoñecesen as necesidades de adecuar as instalacións da Protectora, aínda que fose no papel, así como cubrir a pista de Petanca, ou que rectificasen ese capricho político contra a capela do Carme, que dende logo non tiña ningunha base, e moi especialmente grazas ao Bloque Nacionalista Galego, que parece que pasou de rachemos o Xacobeo a recoñecer que realmente o Camiño de Santiago é un motor para a cidade, é que invista no seu contorno.

Non entendo que sexan ilusionantes, e, se fose a alcaldesa, a verdade é que me daría moita pena ser a primeira alcaldesa que presente uns orzamentos que decrecen respecto ao ano anterior e aínda que reduce a cantidade, e intentan, evidentemente, maquillar o que foi unha subida de impostos moi importante, eu lanzo esa reflexión: Se non se incrementasen as taxas no exercicio, os orzamentos decrecerían máis de catro millóns de euros.

Realistas. Eu remítome ao que din os propios informes: *previsións optimistas á vista da situación do servizo, malia que, á vista do importe total do orzamento, non debería supoñer un problema importante*. Páxina 6. Seguen, evidentemente, máis do mesmo, facéndose trampas ao solitario, inflando os ingresos e despois cando vén a liquidación, danse de bruzos coa realidade. Eu digo que que non brindan a calidade dos servizos. Non o digo eu, tamén din os informes, seguen, inexistentes informes de custos e, se non saben o que custan os servizos, como os vai a blindar? Se vostedes van a golpe de improvisación. E reequilibrio, se son os primeiros orzamentos que vai incumplir a regra de gasto, o que vai conlevar ou polo menos en termos teóricos, cos informes que nos acompaña. A actitude despilfarradora non a di o Partido Popular que, por certo, citou vostede cinco veces na intervención, os propios informes din que o gasto discrecional, ese que non é

obligatorio, aquel que non corresponde a servizos básicos do artigo 26, ou derivados de obrigas legais ou de vía convenio, seguen sufrindo un importante incremento igual que o ano 24. Señores do Goberno, subiron o abastecemento de auga, un 25%; subiron o saneamento; subiron ao IBI; subiron a plusvalía, cóbranlle agora o lixo o rural no exercicio 2024 encargaron unha asistencia técnica para a recuperación de custos na taxa do lixo, seguen coa Inspección de Tributos que, por certo, fixeron un contrato que vai o comido polo servido, e poñen, isto xa é absolutamente increíble, como unha esperanza de incrementar ingresos as multas de tráfico, 60.000 euros destinan a máis radares ou incluso identifican a implantación de zonas de baixas emisións como un elemento de volver a recadar e de volver a pedirlle esforzos lucenses. Pídenlle o esforzo aos mesmos e que reciben a cambio? Porque é como a débeda, non pasa nada con endebedarse, si realmente o destino é loable. Seguen sen ter unha ubicación da praia fluvial, seguen con un coliving pechado, agora van ter as caldas pechadas. É verdade que igual que as teñan abertas que pechadas, polo menos que sexan seguras. O edificio verde depende do día; ás obras e sen rematar, o auditorio sen ordenanza nin...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Segunda quenda para o voceiro do Partido Socialista, señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. El capítulo de inversiones es la hoja de ruta también de esos grandes proyectos que se realizarán en la ciudad, donde destinaremos más de tres millones de euros a la regeneración urbana, para mejorar la accesibilidad y la mejora de la movilidad urbana y en los polígonos, se destinarán un millón de euros más para incidir en las dotaciones hacia el rural y otro para actuar y renovar las redes de abastecimiento y saneamiento en distintos puntos de la ciudad. Y se reservan 200.000 euros para acompañar la subvención europea que esperamos alcanzar para regenerar la zona norte de la capital, y otros 100.000 euros para redactar cada uno de los proyectos de mejora de acceso de Lugo por la Fervedoira y la renovación integral de Fermín Rivera, así como medio millón más para abordar el proyecto de una nueva protectora de animales y cofinanciar su ejecución; otros 500.000 euros para afrontar mejoras y funcionalidad en instalaciones deportivas.

Señora Candia, usted decía que estos presupuestos no reflejan un compromiso, yo creo que la falta de compromiso es del Partido Popular con la ciudad, con Lugo. No han sido capaces ni siquiera de presentar en tiempo y forma estas enmiendas, que han presentado fuera de plazo y que no han sido ni siquiera recogidas, enmiendas que son de verdad, casi, de un jardín de infantes, donde ponen una cosa: medidas necesarias para mejorar, no sé que... No ponen, ni siquiera, de donde van a quitar la partida presupostaria, señora Candia. Dice que no le ha dado tiempo para estudiar el presupuesto y por eso no elevó a la Comisión de Cuentas esas enmiendas, pero sí que le dio tiempo para convocar una rueda de prensa. Porque usted está más pendiente de la foto que realmente de la ciudad de Lugo. También decirle que creo que es el momento de que usted piense más en ser más

constructiva, preocuparse realmente de traballar por Lugo. Usted reclamaba hace pouco máis metros cuadrados para traballar, yo creo que le sobran, porque para lo que traballan le sobran los metros cuadrados que tienen adjudicados en la planta baixa de este edificio, señora Candia.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias. Moitas grazas. Ten a palabra o conselleiro do Bloque Nacionalista Galego, Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Ben estaba escoitando, non é a primeira vez que o escoito, iso de que de cada 10 euros de investimentos se gastaron dous, eu quero pensar que lle deron mal o dato, quero pensar que o problema é que lle del mal o dato, porque se non o outro sería peor. Estaría ben revisalo, porque non é ese o dato nin se lle parece tan sequera. E despois, claro, tamén é curioso mencionar esa frase, e ademais está aí, así se dixo, *todos os servizos públicos están en empresas privadas*, todos os servizos públicos deste concello están en empresas privadas? É curioso porque ademais é un Concello, dos pouquísimos concellos do Estado, que ten un cemiterio 100% de xestión pública, dos pouquísimos, non hai concellos do Partido Popular de cidades que teñan un concello de xestión 100% pública. É dos poucos tamén que ten unha brigada pública de obras. Non sei se algún concello grande do Partido Popular, dunha cidade, ten unha brigada pública de obras, ten dúas escolas infantís totalmente públicas, podería estar dicindo bastantes servizos a este respecto, pero ademais teríamos moitísimos máis, este Goberno, e témolo falado en moitas ocasións, teríamos moitos máis servizos de xestión 100% públicas. O problema é que aquí estamos sufrindo unha consecuencia daquelas taxas de reposición, daquela taxa de reposición do 100% despois do 10% que foron arrasando as administracións locais. E lembramos aquelas reunións no palco do Bernabéu onde determinados empresarios, afíns ao Partido Popular, se repartían o pastel da administración pública, vendo como legislar para absorber precisamente todos eses contratos, privatizar todos os servizos da Administración pública e poderse repartir un pastel muy interesante como son tantísimos municipios. Entón, a ver, a ver, eu creo que polo menos creo que estaríamos mellor calados que dicindo este tipo de cuestións.

En todo caso, tamén me gustaría mencionar, una reflexión, que pasaría se con este orzamento que ten o Concello de Lugo, se non tivese que gastar os nove millóns de euros que ten competencias impropias. Nove millóns de euros máis para os veciños e veciñas de Lugo, se non os tivéssemos que gastar, que non nos imos deixar de gastar porque non imos deixar pois as crianzas sen comedor, non as imos deixar sen escolas infantís, non as imos deixar sen a atención social, non a imos deixar sen moitas cuestións que acaba tendo que asumir este Concello. Ou que pasaría se o Concello, como se ten mencionado moitas veces, tivese eses trece millóns de euros do canon da auga, seguramente se podería avanzar moitísimo, como se lle dá agora mesmo a Ribadeo, que me parece xenial que se lle dea Ribadeo, pero Lugo tamén poderá ter dereito a recibir.

Entón, eu creo que, tamén hai que facer certa autocrítica dentro das filas do Partido Popular, porque posiblemente, se se asumisen por parte do Goberno galego as competencias propias, estaríamos tamén falando duns orzamentos moitísimo mellores, que eu creo que estes xa o son.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Arroxó. Quenda para a voceira, do Grupo Municipal Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mentres o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista deste Concello se manifestaban coas traballadoras da limpeza, tiñan a licitación o contrato privado para prestar un servizo neste Concello. Iso é un exemplo da enorme hipocrisía, pero moi malos teñen que ser os orzamentos para que o señor Repetto de tres minutos dedique dous a criticarme a min e o señor Arroxó, de tres minutos, dedique un a criticar a Rajoy, vai bon Rajoy e vai boa a posibilidade de que tiveron que sacar ofertas de emprego público que, insisto, que os traballadores deste Concello son os grandes esquecidos, pero a realidade dos números voulle dicir eu: non é que non teña diñeiro tamén a que o destina, non é que sexa malo contratar un crédito, non o vin no ano 24 contratar unha operación de 13 millóns e medio, agora prevese que o aforro neto sae en termos reais, como din que vai saír en termos teóricos, outros oito millóns e pico, van a devolver e van custar aos lucenses esas operacións de endebedamento, máis de seis millóns de euros en termos teóricos, por suposto. Seguimos sen arranxar os problemas de estacionamento; seguimos sen planificar o acercamento da intermodal á cidade; seguimos cun rural do que só se acordan para cobrar impostos; seguimos, e dicímolo claramente, sen garantir os servizos básicos. Pero, señores do Goberno, se destinan o mesmo SAF que destina Villalba e ten o 10% da poboación. Se lle tiña que caer a cara de vergonza.

E dígolle que destina o diñeiro. Mire, en termos do señor Arroxó, danlle o dobre de diñeiro a unha entidade que está nas cinzas en proceso de auto demolición, o dobre que a Cáritas, entidade que lle está resolvendo os problemas sociais da maioría dos lucenses. Miren, destinan seis veces máis a xestionar as súas redes sociais, redes absolutamente partidistas, se se corta ata vostedes mesmos, se vostedes estiveron onte no Parlamento e nas redes do Concello parece que non pasaron por alí, pois destina seis veces máis que á Asociación de Persoas con parálise cerebral, por exemplo, a ASPACE, un gran traballo que fan eses profesionais. Pero dígolle máis, señor Repetto, ten vostede máis na partida de propaganda, que xa se sabe que a vostede lle chaman o conselleiro dos contratos menores, que lle destinan, e aquí vai outra reflexión ben importante, ao MB ou ensino xuntos. Estas cifras, que son as cifras do seu orzamento, que seguen gardando máis de 20.000 euros para o alugueiro desas turbinas no Corgo sen ningún tipo de uso e despilfarrando o diñeiro... a iso me refiro co despilfarro, señor Repetto, menos propaganda e máis números. Nin son sociais, nin son realistas, nin son ilusionantes. E iso está nos números, está nos informes. Non o di o Partido Popular débíalles caer a cara de vergonza dar estas cifras que acabo de dar eu agora, máis do dobre a una entidade en descomposición que a Cáritas, Máis de

seis veces para xestionar as súas redes sociais que a entidades sociais, pero podía poñer exemplos, a Asociación do Cancro, 10 veces menos que a xestionar as súas redes sociais, ou, e na súa área que a dota... teño que dicir que é a que máis, e vostede o concelleiro máis coidado...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señora Candia. Acabou o seu tempo. Ten, última quenda, para o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Señora Candia, yo creo que realmente su labor de oposición y el compromiso con esta ciudad empieza a hacer aguas. Yo creo que podemos poner en la hoja de su legado, también, que es la primera vez en la historia de la oposición en este municipio, en estos presupuestos, que no presentan enmiendas en tiempo y forma al presupuesto municipal. O sea, eso de que le gusta dejar a usted esos legados.e Estamos aquí con estos presupuestos, presentando estos presupuestos para Lugo, que contribuirán a mantener el escudo social, la dinamización económica, el crecimiento de la ciudad, la creación de empleo y que sigamos ganando población y crecimiento en este municipio, siendo un referente social, económico y cultural. Muchísimas gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois moitas grazas. E tamén quería poñer, antes de proceder á votación, quería falar desas emendas que falou o concelleiro Mauricio Repetto, esa presentación das emendas por parte do Grupo Municipal Popular, e para iso, a solicitude miña, solicitei nun informe da Secretaría Xeral do Pleno o que quero que interveña neste caso para que poña de manifesto o que ten que dicir respecto destas emendas.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moitas grazas, e ben, un pouco por facer unha breve relación dos antecedentes. Con data 22 de xaneiro convocouse a Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinarias da Alcaldía, Recursos Humanos e Proxecto de Cidade, que se celebrou o día 27 de xaneiro, someteuse a ditame o orzamento xeral do ano 2025, e emitíuse o ditame en sentido favorable sen presentación de emendas. O día 27 de xaneiro convocouse este Pleno ordinario que estamos a celebrar, incluíndo o asunto na orde do día do orzamento xeral para o ano 2025, e con data 28 de xaneiro rexistrouse de entrada no rexistro do Pleno 11 emendas ao orzamento cos números correlativos do 34, ou 44 e, nesa mesma data, á alcaldesa solicitou verbalmente que informará sobre sobre esta incidencia.

Como ben indicaban os integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, nas súas emendas, as especialidades procedimentais están reguladas nos artigos 97 e seguintes, en concreto no 97 ao 100 do Regulamento orgánico municipal, en onde se establece precisamente no artigo 99 que a presentación de emendas poderá facerse ata o día hábil anterior, inclusive, a aquel en que se vai a celebrar a sesión de inicio do estudo e ditame do proxecto de orzamento xeral do Concello, ese órgano, ao que se somete ao estudo, ditame e consulta dos asuntos que van a ser

sometidos ao Pleno, en concreto neste caso do orzamento, foi a Comisión Especial de Contas. Por lo tanto, baixo o meu xuízo, e entendo que as emendas presentadas, deberían ser inadmitidas por extemporáneas. Basicamente se trata, como dixen, de 11 emendas. Vén regulado no artigo 100 diversos aspectos formais a cerca da súa presentación, pois basicamente de como se se refiren ao incremento dalgunha partida, como correlativamente deben de supor a diminución da correspondente, acotando en orde os díxitos na aplicación orzamentaria a subfunción, ben hoxe o grupo de programas por unha variación lexislativa que non fai o caso, pero en calquera caso si que efectivamente tamén se podería poñer de manifesto que algunha desas emendas tampouco fan unha alusión exacta ao importe do que se trata, pero ben, en calquera caso digamos que a eiva máis importante é a extemporaneidade da súa presentación. Entón, dito isto, como parece que a proposta da Alcaldía vai, na orde do da miña proposta, do meu, xuízo xurídico da cuestión da extemporaneidade das emendas, pois si que quería poñer de manifesto entón que cando se someta a votación orzamento farase en relación ao proxecto presentado pola Alcaldía e a documentación complementaria que obra na orde do día, sen ter en consideración esas emendas, que se entenden por tanto inadmitidas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois moitas grazas. Creo que isto era importante porque se falou moito destas emendas e tal que, por certo, quería facer un pequeno resumo destas emendas, aínda que sexan extemporáneas, están presentadas, están ahí no expediente, porque iso si que nos di exactamente que é o que quere o Partido Popular. Verdadeiramente podo cualificadas, non quero ser tampouco groseira evidentemente, pero un pouco ridículas, deume un pouco de vergonza lelas. Porque se iso é todo o que teñen que dicir ao orzamento do ano, 2025, entón si que nos están reforzando, nos están reforzando como Goberno en que son unhas contas realistas, son equilibradas e que teñan en conta todas esas necesidades dos nosos veciños e veciñas, porque, como dicía a señora secretaria, presentáronse 11 emendas, e simplemente quería facer un pouco un resumo de todo, porque iso é o que nós di realmente que é o que pensa o Partido Popular e como pretendía facelas, facer estas contas, que parece que que non están moi de acordo.

En todo caso, nós somos o Goberno, é unha cuestión de oportunidade política onde se van a investir as cousas, pero nós si temos en conta as demandas dos veciños e veciñas. Polo tanto, estamos cunhas emendas, 11 emendas, que se presentan tarde, mal e arrastro. Eu creo tamén, como di o señor Repetto, que se perde moito tempo en facer algaradas e liortas e fotos e tal, e non se está ao que se está. E, polo tanto, vou facer un simple resumo porque creo que é importante que todos e todas vexamos cales son estes proxectos do Partido Popular. Unha delas, a 35, para que no 2025 estea en disposición un aparcadoiro en Fontiñas. Cando o vin non sei se me estaban tomando o pelo, ou perdinme algo no camiño. O que está claro é que a Xunta de Galicia comprometeuse hai uns anos dous aparcadoiros, xa nas conversas que tiveron co señor Rueda, pediuse este aparcadoiro. Propúxose unha situación en Fontiñas, que, por certo, despois o Grupo Municipal Popular saíu

inmediatamente que non era axeitada, condicionando, como sempre, a resposta da Xunta de Galicia. Fixeron eles dúas propostas e nós fixemos unha terceira, que é a da avenida de Villaverde. Por certo, quedaron en estudala e aínda non teño resposta dela. Polo tanto, a Xunta comprometeuse a facelo, estamos en eses tratos, estamos á espera que nos diga se se vai facer alí ou non, onde se vai facer. Por lo tanto, propoñen que nós fagamos un aparcadoiro en Fontiñas, É dicir, o de sempre, que paguemos nós e así xa llo aforramos á Xunta. É que non o entendo, que os veciños de Lugo teñan que asumir iso cando xa está comprometido que vai ser a Xunta de Galicia a que o faga e, polo tanto, non o chego a entender. Por iso paréceme un pouco ridículo ver esta esta emenda. Outro exemplo é a número 37, dotar de servizos de conciliación aos polígonos. Primeiro, conforme a ese informe que fixo a Secretaría do Pleno, iso nin sequera é unha emenda, porque unha emenda ten que dicir en qué partida se colle, onde se pon e de onde se quita, incrementar por un lado e baixar polo outro, aquí non se pon nada. Entendo que pode ser un rogo, podería ser considerado como un rogo máis que unha emenda, pero, ben, imos darlles o tratamento de emenda. A conciliación, iso é unha competencia da Xunta de Galicia. Volvemos ao mesmo: Ten que ser a Xunta de Galicia a que faga determinadas infraestruturas para a conciliación, así se lle pediu en reiteradas ocasións á Xunta de Galicia, e espero que as faga, porque eu non dubido de que as vai facer, pero xa estamos no mesmo, o Grupo Municipal Popular quere que paguen os veciños e veciñas de Lugo, e así llelo aforramos a Xunta de Galicia. Outra máis. Seguimos na 41, abastecemento na zona rural, volvemos ao mesmo. Supoño que será un rogo, porque tampouco establece unha partida de onde se saca e de onde se incrementa. Ademais son xeneralidades no se sabe nin onde nin canto, porque abastecemento na zona rural... Iso non é unha emenda. En todo caso, como vai recollido neste orzamento, como ben saben, un millón de euros para abastecemento na zona rural, polo tanto, xa está previsto. Na 34, 50.000 euros para un plan municipal de saúde mental. Ben, isto xa me sorprende totalmente. Dentro de pouco nos van pedir, como falabamos o outro día, vannos a pedir que fagamos, non sei, un quirófano no HULA, porque nos falta iso, que nos manden facer un quirófano no HULA, porque competencias propias da Xunta de Galicia, que, por certo, nove millóns será a última estimación, pero xa estamos, son moito máis, estamos preto de 13, pero dentro de poucos non sei que nos van pedir, pois fagamos un hospital, supoño, porque estamos en competencias, aforrarlle á Xunta de Galicia, e que pagan os veciños de Lugo Porque non chego a entender. Moito máis.

Despois tamén me sorprende como naquelas que poderían ser consideradas emendas porque se reducen unha partida e se incrementa outra ou viceversa, si que me chegou a sorprender tremendamente o ton en cada unha delas, e hai unha que me sorprende... foi a que máis: nas actividades de xuventude, aí deixoume completamente anonadada. Hai unha delas que o que di é que quitemos todos os 100.000 euros previstos para as actividades xuventude. Señor Bustos, vaino ter difícil se realmente fose sí, absolutamente, pero para compensar noutra posterior hai que quitarlle as actividades do Vello Cárcere para meterlle 25.000 ás actividades de Xuventude, un despropósito. Eu o que vin foi un auténtico

despropósito. Ese é o resumo de todas, porque non hai ningunha proposta que poidamos dicir, oia, esta proposta podíase ter en conta, se as emendas houberan entrado no seu.. Eu simplemente quería facer un repaso porque realmente non me parece nada serio, nada serio isto. Se este é realmente o orzamento que quería facer o Grupo Municipal Popular, sorprendeume moitísimo. E despois, para os plans de medios, cero euros. Iso por suposto, que nos salgamos nos medios e que non metamos para ter o noso plan de medios as distintas concellarías, porque, se o ven, era poñer cero euros. Para iso xa está o Grupo Municipal Popular, xa saen eles e nós non necesitamos ter un plan de medios, porque o que se pretendía era iso. Cero euros para os plans de medios, que creo que tamén é moi importante dicilo.

Por lo tanto, está claro que estas emendas as que son emendas, evidentemente extemporáneas; outras considero que son simples rogos, nen sequera poden ser consideradas como emendas. En resumo, eu vou á nosa parte positiva, a parte do Goberno, creo que si é certo, señor Arroxó, que son ilusionantes e sobre todo, sempre o dixer, son realistas, equilibrados, sensatos e deseñados para que Lugo siga crescendo. Creo que iso é o que nos interesa, que cada inversión estea orientada atender as necesidades dos nosos veciños e veciñas, e con estas contas evidentemente Lugo avanza, sendo unha Administración cada vez máis eficaz e comprometida coas demandas dos cidadáns. Polo tanto, imos a someter con moita alegría estes orzamentos, a votación do Pleno.

PROPOSICIÓNS

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 12/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO 2025 (Exp. 2025/G004/000027).- Vista a citada proposición do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos

anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un demócrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política”.

Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enxalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilízalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, o grupo municipal do BNG do concello de Lugo presenta a seguinte proposta de **ACORDO**:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.
2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.”

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 46 de entrada no Rexistro de Pleno, que é rexeitada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 5, | do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 8 | do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Doulle a palabra ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Alexandre Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBAS: Moi ben. Moitas grazas alcaldesa. Bos días a todos e a todas. Traemos hoxe a este Pleno unha proposición en apoio á celebración do ano Castelao este 2025. Consta de dous puntos de acordo, un deles, amosar o apoio explícito deste Pleno a declaración do ano 25 como ano Castelao e, o outro, é de instar á Xunta de Galiza a recoñecer a Castelao como o primeiro presidente de Galicia e ao Consello de Galiza como o primeiro goberno galego na etapa contemporánea. Hai uns meses, xa en novembro de 2024, o Parlamento de Galiza conmemoraba o 80 aniversario da constitución do Consello de Galiza, e o mesmo presidente desta institución, o señor Santalices, lembraba atinadamente, como a constitución do mesmo foi un fito que deu forma a autonomía actual de Galicia. Lémbraños asemade o profesor Núñez Búa, vicepresidente da Deputación de Pontevedra, que no 36 puido salvar a vida fuxindo da barbarie fascista como ese Consello se constituíu “para gardar, manter e defender a vontade do pobo galego”, funcionando, como fidecomisario da mesma nun lugar de América, Montevideo, onde se constituíu no 44, que ben pode considerarse a metrópole ideal da Galiza libre. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, cunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra as desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e o compromiso firme co internacionalismo solidario. Toda a súa acción como narrador, debuxante, ensaísta, toda a súa magna obra intelectual emana do seu compromiso político e social co pobo galego, coas maiorías sociais e cunha visión da xustiza e a solidariedade internacional. Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da nosa historia e temos que facelo sen manipulacións, sendo fieis ao seu pensamento, a súa obra, ao seu compromiso político que, dende logo, como dicíamos, constitúen unha unidade indivisible. Castelao foi un demócrata integro e exemplar. Todo o que fixo ao longo da súa vida foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego e de toda a humanidade, dado os valores éticos antirracistas, anticlasistas, e de solidariedade entre os pobos e as persoas que promoveu durante toda a súa vida. Falamos de ser rigorosos coa vida de Castelao e a historia mesma, porque inmediatamente despois da súa morte non faltou tempo para que comezará a funcionar a máquina de manipulación do goberno ilexítimo español naquela altura. Así comezouse a construción dunha versión manipulada de Castelao ensalzando ao artista e censurando e ocultando a súa traxectoria política. Procuraron convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e do compromiso político, utilizándoo incluso contra as ideas que el mesmo defendeu toda a vida. Unha fraude ao fin e ao cabo da súa vida e do seu legado. A súa figura foi clave na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por unha abrumadora a maioría dos galegos e galegas aquel 28 de xuño de 1936 en plebiscito. Temos que lembrar que

chegar a este punto non foi fácil, xa que as condicións para poder acceder a esta norma legal eran moi duras exixindo unhas marxes de votación e compromiso por parte dos cidadáns e dos concellos galegos moi amplo, moi rigoroso. O 17 dese mesmo mes foi entregado ese Estatuto ao presidente da República. Aquí, ao día seguinte, pasou o que pasou, houbo un levantamento fascista contra a legalidade o 18 de xullo. Seguimos falando da lexitimidade de Castelao e dese Consello de Galicia que se formou en 1944 en Montevideo, e seguimos falando de Estatuto. En Monserrat o que é o Goberno lexítimo da república e no 37, en plena Guerra Civil, acordan retomar esta tramitación. As Cortes republicanas, as Cortes lexítimas da república, na reunión de México de novembro de 1945, a instancia do propio Castelao, a instancia do propio Consello de Galiza, constituído como Goberno galego no exilio, acordou continuar a súa tramitación, as Cortes lexítimas republicanas no Goberno de sitio, e, polo tanto, cae de caixón, que hoxe por hoxe, xa no seu día tamén en 1978, coa actual Constitución na súa disposición transitoria, cando recoñece un réxime especial para aquelas comunidades autónomas que plebiscitaran afirmativamente un Estatuto de autonomía, é de caixón, digo, que vimos de alí. Aí está a lexitimidade do Consello de Galicia e de Castelao como o primeiro goberno lexítimo na idade contemporánea do noso país.

Por lo tanto, esta é historia da lexitimidade dese Consello de Galiza. Xa no seu día, os demócratas, por ser deputados elixidos democraticamente, por manter viva a legalidade, como vimos, e isto é importante, cos medios que tiñan nunhas circunstancias terribles, terribles, e mediante as estruturas lexítimas no Goberno lexítimo da república. Sigo na seguinte intervención.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA ABELLEIRA GONZÁLEZ: Moitas grazas. Bo día, a todas e todos. Efectivamente, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi unha desas personalidades extraordinarias galegas. Un home multidisciplinar, ensaísta, debuxante político, dramaturgo, humorista, médico, unha figura clave, efectivamente, para a historia contemporánea de Galicia, tanto no eido do exercicio político como no ámbito artístico, e boa parte do seu pensamento dedicouno, como se dixo, a defender unha Galicia avanzada, moderna, democrática, afastada dunha cerrazón endémica polos tempos nos que vivía, pero centrada na importancia da súa propia cultura ancestral, como o feito diferencial e enriquecedor para Galicia.

Foi un dos impulsores do Estatuto de autonomía de Galicia, que se chegou a aprobar en xuño do 36, pero que non entrou en vigor porque o golpe de estado do país o impediu. Castelao, como outras miles de persoas, para evitar ser fusilado exiliouse en América no 38, e foi alí, anos despois, no 44, cando se creou o Consello de Galicia. Eu creo que é de xustiza falar tamén de que foi o primeiro presidente do Consello de Galicia da man doutros catro deputados galegos tamén exiliados: Antonio Alonso Ríos, Ramón, Suárez Pillado, Elpidio Villar Villaverde e posteriormente integrouse Alfredo Somoza. O Consello de Galicia foi esa entidade que aspirou a actuar como o Goberno galego no exilio durante a ditadura, de xeito

que conseguiron continuar con lexitimidade ese autogoberno galego no exilio co fin de manter viva e vixente o Estatuto que se tiña aprobado.

Á morte de Castelao, no 50, fixo que accedera a esa presidencia Antonio Alonso Ríos, galeguista tamén, e polo tanto, o segundo presidente do Consello de Galicia. Eu creo que temos que ser certos no estudo da nosa historia, porque llo debemos a todas estas persoas que na República Española tiñan os gobernos no exilio, estes gobernos que seguían reuníndose, traballando, renovándose os cargos coa esperanza de que a democracia volveuse a España. Galicia non tiña unha plataforma política coa que traballar, debido a ese golpe de Estado, e finalmente, cando morre Castelao no ano 50, o franquismo deu instrucións expresas de como informar da súa morte, así como doutras moitas persoas, e eu creo que temos que recordar, por memoria histórica, e porque non estamos libres de que volva a pasar. O falecido político republicano e separatista Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, advírtese o seguinte: A noticia da súa morte darase en páxinas interiores a unha columna e, en caso de inxerir fotografía non debera ser de ningún acto político. Eloxíaranse unicamente as súas características de humorista e literato. E, se se destacara algo da súa personalidade política, a condición que se mencione deberá ser sempre contraria ao que de verdade fíxo Castelao e todas esas persoas que loitaron pola democracia. Ademais finaliza, que se espera da misericordia de Deus que perdoe os seus pecados. Así falaba o franquismo, e a xente que estamos escoitando moi moi cercanamente. Por iso eu creo que temos que ser rigorosos coa nosa historia e por iso presentamos unha emenda, a esta proposición na que se promova un estudo xurídico sobre a construción do Goberno de Galicia no exilio, de xeito que quede establecido e difundido a conformación dos primeiros pasos para a gobernabilidade democrática de Galicia e a figura de Castelao como artífice do mesmo.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Para o Grupo Popular. Señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moi bo día a todos e a todas e moitas grazas, señora alcaldesa. Pois empezar en primeiro lugar, felicitando á señora Abelleira e ao señor Penas polas súas breves, pero boas clases de historia que fundamentalmente están no seu lexítimo... pois presentar loxicamente esta moción, pero dende logo o que vostedes dan, sobre todo vostede, señor Penas, unha visión moi sesgada e dende logo que intenta ser totalmente partidista e política, banalizando a figura do propio Castelao, xa que, ben, no referente, pero o que pretende isto é un erro máis, vostedes queren utilizar a figura de Castelao fundamentalmente non para unir o pobo de Galicia, senón para confrontalos, para separalos. De feito, en recentes declaracións, á señora Pontón dicía que Galicia é unha nación e que isto soamente se pode entender por aqueles que defenden a Castelao, ou arrogarse a figura de Castelao, algo que, como demostran eleccións tras eleccións, isto non é así porque a verdade é que o pobo galego non quere gobernos nacionalistas.

E voulle dicir unha cousa, vostedes sacan estes resultados por este mesmo motivo:, porque van aos extremos. En entón os galegos o que pretendemos precisamente é fuxir deses extremos. Mire, señor Penas, é moi imprudente non facer nada ante os problemas que ten a cidade. A miña portavoz relataba algúns deles: presupostos, que dende logo non están a reflectirse na vida dos propios lucenses; aparcadoiros pechados, o feito de ter problemas que realmente si son contundentes para Lugo, pero que non teñen nada que ver cos problemas, que vostedes traen aquí a este Pleno.

Pero de todos os xeitos, dende o noso grupo municipal apoiamos, e apoiaremos, que o actual Goberno galego manifeste o seu compromiso coa preservación e difusión da figura de Galicia, ademais, por suposto, da figura de Castelao. De feito, o grupo municipal comparte completamente a idea de que se declare o ano 2025 como Ano de Castelao. E tanto é así que o grupo municipal, no propio Parlamento de Galicia, propuxo unha declaración institucional que vostedes, ademais, señores do Bloque Nacionalista, rexeitaron. É moi curioso que hoxe traian aquí esta moción cando precisamente rexeitaron esa declaración institucional en idénticos términos, coa que hoxe vostedes solicitan aquí. Pero nós, de todos os xeitos, dende logo apoiamos e apoiaremos esta proposta que vostedes traen soamente no punto no que di declarar o ano 2025 como ano de Castelao. Ou ben, podemos votala por puntos. Nós dende logo, o que non imos facer é apoiar, a declaración de Castelao como o primeiro presidente de Galicia, e por iso tamén lle presentamos unha emenda de substitución que di: solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que recoñece a contribución de Castelao e do Consello de Galicia na defensa dos intereses de Galicia no exilio.

O que non podemos ser recoñecer Castelao como primeiro presidente de Galicia por un motivo moi sinxelo, porque non foi elixido, e isto, é así. É dicir, non é que o diga eu, dío a propio historia. Vostede o que pretende, como lle dicía ao principio da miña intervención, e reescribir a historia. E, mire, os galegos e galegas eliximos por sufraxio universal aos nosos concelleiros, as nosas deputadas e deputados, e por suposto, ao propio presidente da Xunta. É, como vostede sabe, elección outras elección, os galegos non elixe un presidente nacionalista, e, polo tanto, non podemos votar a favor e desta proposta que vostede trae aquí por un motivo moi sinxelo tamén, e é que estaríamos faltando á verdade. É o primeiro presidente que tivo Galicia foi o galeguista Gerardo Fernández Albor. Onte, o meu compañeiro de partido, Alberto Pazos, dicía algo co que estou completamente de acordo e é que Castelao, isto vaille a sorprender, non é militante do Bloque Nacionalista Galego, non era militante do Bloque Nacionalista Galego, e a bandeira de Galicia non é do Bloque Nacionalista Galego, por moitas estrelas vermellas que vostedes lle poñan, e Rosalía tampouco é do Bloque Nacionalista Galego, e o galego, e o himno de Galicia, tampouco son do Bloque Nacionalista Galego. Pero máis aínda, é que os propios galegos non son nacionalista, non son do propio Nacional do Bloque, porque así o demostran eleccións tras eleccións, tanto na cidade como nas eleccións á Xunta de Galicia. Así que o que lle recomendo é que realmente si teñan preocupación por traballar y por mellorar unha cidade e mellorar os intereses de todos os lucenses e, por extensión de todos os galegos. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias, señor Vázquez. Segunda quenda, para o señor Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moita grazas. Comezaba a súa intervención lembrando como en novembro xa se recoñeceu a Castelao e ao Consello en Galiza no Parlamento galego, a mesma TVG titulaba: Castelao é nomeado como o primeiro presidente de Galicia polo Parlamento. Reivindícase así o papel do líder do Consello de Galiza nun Goberno constituído na Diáspora en Uruguai hai 80 anos. Isto dicía a TVG e as palabras de Santalices están aí. Ou sexa, simbolicamente xa se recoñecía. Vale, nós aquí imos a facer... nós o que reivindicamos e que se recoñeza oficialmente. Falamos de lexitimidade e acabamos a primeira intervención dicindo que a lexitimidade estaba en que eran deputados electos democraticamente, que se constituíron coas armas que tiñan no exilio, porque houbo una ditadura fascista que decidiu dar un golpe e pasou o que pasou, e tiveron que tomar as decisións como a demócratas, elixindo un Goberno lexítimo, lexítimo no como o quedou aquí. E iso era do lado da balanza, que nos queda do outro lado da balanza nesa época? Do outro lado da balanza, en Galicia quedou o fascismo, as represións, as violacións, os asasinatos de persoas comprometidas: nacionalistas, galeguistas, socialistas, republicanos e demócratas. E a constitución dun réxime de terror en todo o país. En Galicia non hubo guerra civil, en Galicia houbo un exterminio. Só do 1936 ao 1939 están demostradas 4399 asasinatos. Aquí quedou durante moitos anos un réxime ilexítimo, construído en contra da legalidade e da democracia. Digo isto porque hai parlamentarios do Partido Popular que negan que haxa asasinatos no campo de San Simón, hoxe por hoxe. Entón, tamén hai que dicir de que lado estaban uns y de que lado estaban outros; cales eran lexítimos e cales eran non. E seguimos falando. Moncho Reboira, asasinado polo franquismo no 1975, nos últimos estertores, recoñecido polo Goberno do Estado como vítima do franquismo, hoxe en día, no 2009; o noso veciño, Rafael de Vega, asasinado no 1936 con outros catro veciños, as seis da tarde, un 21 de outubro, e que está recoñecido hoxe en día por parte do Goberno do Estado, un recoñecemento, unha reparación persoal ao dereito de obter reparación moral é a recuperación da súa memoria persoal, familiar e colectiva, considerando ilexítimas e nulas as condenas, accións e resolucións ditadas contra el a todos os niveis durante a guerra de España e durante a ditadura posterior. Iso é ilexítimo, é ilexítimo. Eran os deputados elixidos democraticamente. E aí está, digamos, a exposición de porque uns son lexítimos e outros non son lexítimos. Tamén temos que pensar os que estamos aquí de que lado queremos estar. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Segunda quenda para a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, eu teño claro de que lado quero estar e que no ensalzamento da figura e que foi Castelao para Galicia, tanto para que hoxe exista un Estatuto de autonomía, como todo o legado, que, xunto con

moitas máis persoas, deixou. Dende logo non quero estar do lado de se é máis nacionalista ou se é menos nacionalista ou se..., e menos aínda do lado do Partido Popular, que agora se acordou de Castelao cando só o utiliza para as comenencias, se me permite que llo diga.

Castelao foi elixido deputado en dúas ocasións, a primeira no 31 na segunda República e despois no 36. Para o Partido Socialista, a figura de Castelao é incuestionable como pedra angular da nosa actual autonomía, a cal o noso partido sempre acatou, participou e colaborou para que fose esa ferramenta tan necesaria para construír esa sociedade xusta e moderna á que aspiramos todos os galegos e galegas. Mais tamén é a ferramenta que defende o noso profundo sentir galeguista, porque eu creo que se nos olvida en moitas ocasións, a palabra galeguista: sentir incuestionable que nos guía, que nos guiou sempre, a exercer a nosa responsabilidade como o partido de goberno e de progreso social.

O Partido Socialista está firmemente comprometido nos ámbitos locais, provinciais e autonómicos a promover, aportar, difundir e participar en todas as actividades, encontros eventos e actos institucionais que se celebren con, esperemos, este ano de Castelao, divulgar en plenitude o legado de Castelao, o que supón seguir coa súa historia. E, para rematar, e tamén en palabras de Castelao, dicir o que dicía el sobre a política: que a política é boa cando serve para facer mellor aos pobos e non cando está ao servizo dos intereses partidistas. O legado de Castelao é tan valioso que debe ser patrimonio de Galicia, sen exclusións nin apropiacións.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Gracias, señora alcaldesa. Preguntaba vostede de que lado estamos, eu teño claro que estou do lado da democracia, do lado das votacións, estou do lado da liberdade. Non sei se vostedes en cambio estarán tanto dese lado da liberdade, e voulle dicir por qué. Facía vostede referencia na súa intervención á época do fascismo. Indubidablemente se fixeron as cousas moi mal. Eu non vou a negar que houbo unha ditadura, pero non houbo vencedores nin vencidos, ou, mellor dito, houbo vencidos, e voulle dicir por qué. Porque os grandes vencidos fomos toda a sociedade, de acordo?, fomos toda a sociedade. E permítame que lle diga, é dicir, facía vostede referencia agora a ese fascismo e, sen embargo, cousa que eu comparto con vostede, e que rexeito completamente, eu non son herdeiro de ningún fascismo. Pero voulle dicir unha cousa, facía vostede referencia a esos 40 anos pasados que foi unha traxedia para o pobo español, sen embargo non fai vostede ningún tipo de referencia, pechan a boca, ante situacións como a que vive o pobo venezolano, e da cal vostedes gardan absoluto silencio ou diante dunha ditadura franquista. Pero vou ir máis aló, non nos fai falla cruzar o Atlántico para denunciar situacións como son a que a súa líder, a señora Pontón, vaia defender a Bildu, porque levan nas súas listas dende o ano 15 a 87 etarras. Entón a pregunta que lle fago, e de que lado están vostedes?.

Pero, volvendo á situación, e volvendo á cuestión que nos interesa, da cal non quero desviarme, non se pode negar que Castelao é unha figura na historia de

Galicia, pero falar dun suposto recoñecemento oficial insuficiente simplifica a realidade. O legado de Castelao está recoñecido a través da súa presenza nas institucións educativas, nos actos culturais, en la propia narrativa da propia historia de Galicia. O Consello de Galicia, pola súa parte, é recoñecido historicamente como unha institución relevante no exilio, pero a súa consideración como primeiro Goberno galego contemporáneo e recoñecer a Castelao como o primeiro presidente de Galicia, señor Penas, é reescribir a historia. E nós non estamos aquí para reescribir a historia, estamos para contala, interpretala e defender os intereses de todos os galegos e de todos os lucenses, e contar a historia como é, gústenos máis ou gústenos menos.

O noso grupo municipal apoia que a Xunta de Galicia promova unha visión integradora de Castelao, recoñecendo tanto o seu legado cultural como político, pero sempre desde unha perspectiva plural e respectuosa coa diversidade de Galicia. A instrumentalización política da súa figura é contraproducente e non contribúe ao recoñecemento colectivo que merece. Galicia é hoxe unha comunidade moderna e dinámica e plenamente consciente da súa historia, grazas ao colectivo das institucións...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Vázquez. Última quenda para o señor Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas. E negar os asasinatos na Illa de San Simón, eso si que reescribir la historia, como foi o Partido Popular no Parlamento galego. Pero falamos nesta proposición de pasado e falamos de como afecta ese pasado ao que somos hoxe en día, como afecta ao presente. A min gustaríame falar, cando falo de Castelao, tamén de futuro, porque para eso estamos todos. Eliximos traballar algúns, o BNG, eu tamén persoalmente, coas forzas que teñamos, coas capacidades que temos, en construír un país que defenda ao territorio, poderíamos falar de Altri. Eliximos traballar pola lingua galega e pola nosa identidade propia, e falo dos decretos que prohiben utilizar o galego nas ensinanzas de educación, traballar a prol da autoestima colectiva que nos permita contribuír desde nós mesmos como país ao crisol da humanidade, traballar a prol de dereitos, a fin e ao cabo, das maiorías sociais. Nese camiño é onde está o BNG e onde estou eu personalmente. Ogallá nos atopemos toda esta Corporación alí, irmáns.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, Señor Alexandre Penas, Entendo que non aceptan ningunha das emendas. Ben, imos votar.

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 13/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO SECTOR DO TAXI (Exp. 2025/G004/000029).- Vista a devandita proposición cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do taxi está a pasar por serias dificultades debido á suba dos prezos que as compañías aseguradoras están a realizar nas pólizas dos vehículos con licenza de taxi. O encarecemento abusivo ao que se somete aos profesionais deste sector supón en moitos casos a imposibilidade de asumir o custo da póliza e pon en risco a viabilidade da actividade, especialmente no caso das persoas autónomas.

As aseguradoras xustifican os incrementos dos prezos na inflación, no aumento de custo dos sinistros, na suba dos baremos das indemnizacións e no aumento da sinistralidade, mais estes argumentos non se axustan á realidade: a inflación non pode xustificar unha suba maior ao IPC, e non é certo que exista un aumento da sinistralidade nin un maior número de partes ou incidentes para cubrir polas aseguradoras. Ademais, en moitos casos, os profesionais non só se atopan con cotas ata doce veces superiores ás que viñan pagando até agora, senón que as aseguradoras obrigan tamén a contratar tamén seguros de decesos, fogar ou vida, unha práctica comercial declarada abusiva pola Dirección Xeral de Seguros.

O taxi é un servizo público, especialmente no rural onde cumpre unha función esencial como transporte público ao non haber máis alternativas para a mobilidade das persoas. As administracións públicas teñen que garantir a prestación dun servizo de calidade para todas as persoas usuarias, non discriminatorio e con cobertura en todo o territorio.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da corporación o seguinte ACORDO:

1. Instarlle á Dirección Xeral de Seguros, dependente do Ministerio de Economía, a supervisar as compañías aseguradoras, evitando prácticas abusivas como subas inxustificadas de prezos que non se axustan aos riscos, e a formular as medidas precisas para garantir que as aseguradoras non poidan acometer prácticas unilaterais e abusivas.

2. Instarlle ao Goberno do Estado a velar pola situación do taxi, considerado de interese xeral e público, implementando medidas precisas que impidan a realización de prácticas comerciais abusivas como a contratación de distintos produtos dunha aseguradora.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instarlle á Dirección Xeral de Seguros, dependente do Ministerio de Economía, a supervisar as compañías aseguradoras, evitando prácticas abusivas como subas inxustificadas de prezos que non se axustan aos riscos, e a formular as medidas precisas para garantir que as aseguradoras non poidan acometer prácticas unilaterais e abusivas.

SEGUNDO.- Instarlle ao Goberno do Estado a velar pola situación do taxi, considerado de interese xeral e público, implementando medidas precisas que impidan a realización de prácticas comerciais abusivas como a contratación de distintos produtos dunha aseguradora.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, alcaldesa. É moi bo día de novo. Vou ser breve nesta proposición porque ademais entendo que a Corporación vai estar de acordo cunha proposición construtiva e que quere apoiar un sector que neste momento está a pasar unha situación bastante complexa e que todas e todos creo que coñecemos, porque estamos ante una situación bastante insostible para o sector do taxi, ademais un sector que leva recibindo ataques dende hai moito tempo con esa ameaza constante en Lugo, e que noutros sitios xa é unha realidade, aquí de momento é unha ameaza afortunadamente, como son os VTCS, e agora súmase outro golpe, como é o das aseguradoras que lles están metendo unhas tarifas que son totalmente desproporcionadas. Onte mesmo falabamos de casos con algún taxista que pasou de pagar 1400 euros no ano pasado a que lle están exixindo 10.000 euros neste ano. Evidentemente, é un problema gordísimo, porque ante iso é moi complicado que se poida poder dar un servizo como debe ser. De feito, unha das cuestións que falaban é que, primeiro, van perder moito poder adquisitivo; en segundo lugar, van ter que investir menos nos seus vehículos. Se algún tiñan vehículos de boa calidade que permitían dar un bo servizo aos cidadáns, pois agora van ter que ter vehículos de peor calidade basicamente porque con estes custos que van ter que pagar cada ano, pois lles vai resultar inasumible. Falaba dese caso, pero, en xeral, a maioría deles dicían que tiñan que pasar de pagar 1.400-1.500 euros a entre 4000-6000 de media, entón, todos van ter que pagar moitísimo máis. Por iso presentamos esta proposición de apoio, evidentemente Lugo non vai solucionar esta problemática, senón que cremos que temos que ser un grao de area nesta batalla que están eles a levar. Onte tiveron

ese paro en todo o Estado, e aquí en Lugo tamén o secundaron, porque entendemos que aquí pode, tal e como pedimos na proposición, actuar a Dirección Xeral de Seguros, intervir nesta situación. Ben, evidentemente non imos a afondar de como o modelo neoliberal acabou levando a que as aseguradoras estivesen este poder e acabasen espremendo aos traballadores, neste caso os taxistas. Pero realmente si que é necesario ter claro que eses conceptos para ver como o Estado ten que intervir cando se acometen este tipo de inxustizas. E niso vai esta proposición, nisto van as liñas que cremos que poden permitir axudar aquí. Estes días estase a falar aquí de posibles subvencións, as subvencións poden estar ben nun momento puntual, pero nunca son a solución. Aquí ten que haber pois outro tipo de medidas sobre todo para regular, neste caso, regular os mercados, neste caso para regular as aseguradoras e, polo tanto, nesa liña pedimos o apoio unánime da Corporación municipal en apoio do sector dos taxistas. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Ten a palabra polo Partido Socialista, Olga López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bo día a todos e todas. Gracias, alcaldesa. Ben, o certo é que é unha proposición positiva na que dende o Partido Socialista entendemos que todos estaremos de acordo. É certo que hai unha subida de pólizas transversal no sector, é xeneralizada en todos os turismos, pero tamén é verdade que temos que manifestar que son bastante dispares e que non teñen unha maneira clara de fundamentar porque as aseguradoras fan este incremento tan voraz nun sector tan importante socialmente como é o do taxi. Moitas das cláusulas que marcan as viabilidades destas pólizas atenden a criterios individuais, a titulares de vehículo, todos o sabemos, anos de carnet, etcétera, e non tanto, o que se nos está esquecendo ou se lles esqueza ás aseguradoras, o servizo profesionalizado que é o sector do taxi. A suba tamén atenta a sinistralidade do sector, máis os datos atenden á que esta sinistralidade vén vinculada fundamentalmente á competencia do sector do taxi, como son os VTC, que almacenan segundo os datos, máis do 49% da sinistralidade.

Hai que facer historia, e entender como se promocionou e onde se facilitou, tamén, a voraxine destas VTC, fundamentalmente en comunidades autónomas lideradas polo Partido Popular, onde a señora Ayuso fixo políticas realmente devastadoras e irreparables co sector do taxi que hoxe redundan en que as aseguradoras fagan esta desproporción nas pólizas aseguradoras. Non podemos esquecer a memoria. Alégase de feito que esta sinistralidade vén motivada por quendas excesivas, fundamentalmente nos VTC, ademais de que na maioría dos casos os taxis portan, como todos sabemos, a varias persoas. O Grupo Municipal Socialista votará por suposto a favor desta proposición, pois creemos que as peticións que propoñen son coherentes e teñen unha capacidade de mellorar as condicións económicas dun sector que nun pasado recente sufriu, como xa dixen antes, una fonda a crise profesional e que foi fortalecida por gobernos que non podemos esquecer aquí. Neste sentido, o que se busca agora é paliar os criterios sumamente arbitrarios das aseguradoras en xeral, e dalgunhas en particular, cunha voraxine económica, que

non ten fundamento na realidade. Un servizo público, como é o do taxi, cohesionado e cunha regulación que garante a equidade territorial, moi necesaria nun tempo onde a división ademais no noso concello entre o rural e a cidade se acrecenta moito máis. As citadas pólizas, experimentaron unha suba cuantitativa que non se nos sostén de ningún xeito e que non teñen nada que ver co IPC, a sinistralidade real dos taxistas e mesmo a xustificación que fan tamén as aseguradoras de prezos de recambios, vehículos danados, etcétera. Como xa se fixo no pasado, é certo que temos que apoiar a este sector, fronte a inxerencia de novos competidores, neste caso parece que os competidores son as aseguradoras sin ningún tipo de pudor, cun neoliberalismo que non ten nome. Os prezos e as pólizas ten que rexeitarse porque, como ben se dixo aquí, están en prezos de 4000, 5000, 6000 euros, 8000 nalgún caso. Non podemos esquecer, e non o queremos deixar de aportar, que o taxi está a ser na nosa sociedade un ben de primeira necesidade, é un servizo público. E, sen alongarnos moito do tempo, temos que pensar que as inxerencias que nun momento permitimos redundan nunha realidade que agora temos. E que, se ben o tema que nos trae agora compete a outras actuacións, non podemos esquecer nunca de onde vimos e destes “polvos estos lodos”. Continuarei a continuación, moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Grupo Municipal Popular, señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Ben, a verdade é que dá gusto empezar o mandato con algunha proposición na que parece que hai certa cordialidade, das outras, pois non podemos dicir o mesmo, pero, evidentemente, dende o Partido Popular estamos de acordo con esta moción porque eu creo que traslada o sentir de calquera dos que estamos hoxe aquí sentados. É ver o sentido común, ao final o que se traslada por parte do Bloque Nacionalista Galego é unha xusta reivindicación e por iso evidentemente vamos a estar a favor, como onte estivemos presentes todos os grupos políticos tamén, nesa protesta, nesa concentración dos taxistas reclamando os seus dereitos ou reclamando axudas ás distintas administracións. O colectivo do taxi é clave para a nosa cidade, xa o dixeron os compañeiros e eu coincido, 69 taxistas, pero na realidade máis de 100 familias viven dese dese colectivo, e ademais non só polas familias que viven, senón polo servizo que dan desde o punto de vista social e de mobilidade. Son realmente claves, ademais tendo en conta que estamos nun Concello que temos unha dispersión poboacional bastante importante na zona rural que, ademais, esa dispersión ás veces está non atendida todo o ben que nos gustaría a todos co transporte urbano, porque non pode chegar a moitos deses sitios, seguramente despois falemos diso, e que tamén é moi necesario, como digo, para conectar a todas as persoas que non teñen outro medio de transporte, que non teñen carné, que non teña un vehículo propio, incluso os nosos novos, que cada vez renuncian máis a sacar o carné, por chamativo que pareza, as persoas maiores que que carecen del e, evidentemente, os taxistas teñen un labor fundamental para iso. Por iso evidentemente temos que estar ao seu lado, temos

que tomar moi en serio este problema porque pode levar á non continuidade dalgún destes taxistas, porque realmente nos saen os números. Onte cando falabamos cos taxistas, a verdade é que cando che ensinan as facturas, o recibos dos seguros, impresiona ver como hai pólizas de 8000, de 10000, de 12000 euros, subidas dun ano para outro a profesionais que levan 40 anos no sector, de 2000 euros dun ano para outro, e iso é moi chamativo e evidentemente iso non o podemos permitir. Eu mesmo aproveitei, ademais, para falar con varios amigos, bos amigos que están vinculados aos seguros, que me dicían que sentían vergoña cando tiñan que pasar esas pólizas aos taxistas que lles pedían presuposto, e que incluso non lles daban ofertas as compañías que representaban, que nin sequera querían asegurar aos taxistas. Iso hai que facelo e hai que paralo entre todos, porque é que é inasumible para eles. Ter que amortizar o vehículo, ter que pagar a Seguridade Social, ter que pagar aos mantementos, o combustible, e ter que vivir, e con estas pólizas é imposible, é inasumible para calquera. E eu creo que non engano a ninguén, que son, e os que me coñecen, sobre todo os meus compañeiros, son absolutamente contrario ao intervencionismo económico, son absolutamente liberal no económico. Pero hai certos aspectos como este nos que as administracións si teñen que intervir, si teñen que intervir para controlar que ese monopolio que teñen as aseguradoras vaia contra a cidadanía, neste caso contra os taxistas. Porque, evidentemente, hai un pacto encuberto de prezos, evidentemente hai unha política conxunta entre as compañías que hai que paralo e quen ten a competencia, dicíao moi ben o Bloque Nacionalista Galego nesta moción, é o Goberno central, eu apelo ao Goberno central a que asuma as súas competencias neste eido, e que traballemos por ilo.

Nós dende o Partido Popular ímolo facer, imos intentalo dende todas as institucións nas que estamos representados, dende o Concello, ao Parlamento de Galicia, ao Senado, ao Congreso, en todas as institucións, evidentemente imos a mostrar ese apoio ao sector, pero si pido aos dous partidos que están hoxe aquí sentados fronte a nós, que tedes especial vinculación co Goberno central, uns por ser compañeiros de partido e outros por ser o amparo permanente dese Goberno de Sánchez, pois evidentemente ou ben chamar directamente ao Goberno, ou ben, cando se trate de demandar no Congreso dos Deputados ese deputado clave que ten o BNG, ou que nos venden como clave, polo menos para Cataluña e para País Vasco, que tamén pida algo, neste caso, para os galegos e neste caso para o colectivo do taxi galego, poñan sobre a mesa esa necesidade. E outras administracións, tamén, como as deputacións provinciais ou como calquera outro concello, que poida apoialo. E nós dende onde gobernamos pois xa se fai tamén. Evidentemente, este colectivo, como ben saben, ten varias liñas de axudas anuais periódicas dende a Xunta de Galicia para colaborar no seu día a día na actualización, na modernización, e tamén ten axudas directas para asumir os custos dos seguros. E hai que seguir afondando e seguir apoiando nese eido e nós, como digo, vamos a estar aí á altura.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Ameijide. Segunda quenda para o Bloque Nacionalista Galego... renuncia... Segunda quenda para a voceira do Partido Socialista.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Primeiro, porque, a ver, cando se apoia e se apoia a un sector, e se fai unha proposición en positivo, creo que cando os grupos políticos manifestamos o noso posicionamento, o primeiro que hai que facer é non mentir, non? Entón non é certo que os taxistas teñan axudas da Xunta de Galicia para paliar a suba de seguros, vale? Téñenas noutras liñas de actuación, pero vostede acaba de mentir de forma fragante. Acaban de publicar que igual llelas dan, agora. E logo tamén, hai que ser claro cando se expoñen os condicionamentos políticos, é dicir, non estamos de acordo co intervencionismo, fomentamos un neoliberalismo, ademais neste momento un neoliberalismo voraz, sobre todo voraz, con aqueles que menos poden, pero si que queremos intervir cando vemos que sacamos rendibilidade política. Eu creo que hai que ser un pouco coherente co que manifestamos, quenes somos, somos os neoliberalistas de Ayuso que o reflexo porque é quen guía as súas políticas, mesmo a do gran señor con todo o poderío Feijóo, que é o gran destrozo do sector do taxi en Lugo, coa promoción de VTC e similares, e de aí veñen de feito estas cláusulas abusivas, ou agora son os conciliadores, intermediarios, que exixen a un Goberno que interveña cando non ten capacidade intervir, ten capacidade de mediar, estao facendo, e mesmo os representantes dos taxistas en diversos medios, e, se se fala con eles, din que o Goberno xa está a mediar, sen poder intervir, porque non sexa mentireiro, cando di que pode intervir, pode mediar, que non é o mesmo intervir nun mercado que mediar nunhas negociacións. Entón, o noso partido, o posicionamento do Partido Socialista, e que por suposto se medie, se quiten cláusulas abusivas, pero sobre todo que cando facemos política evitemos que cheguemos a esta situación precisamente por ter un mercado neoliberalista e que promociona maneiras de facer mercado co único a quen fai dano é ao cidadán, ao traballador, e que despois o queremos ocultar doutro xeito.

DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Racamonde. Segunda quenda para o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Nada. Moi brevemente tamén. Eu creo que o Concello si que podemos facer algo nos vindeiros meses, nos vindeiros anos por colaborar con este colectivo, como pode ser poñer en marcha ese servizo que levamos anos demandando dende o Partido Popular, tamén outros partidos se fixeron eco del, como é o taxi a demanda especialmente na zona rural. Simplemente apostillalo ou comentalo nesta intervención. Eu creo que non é necesario seguir falando nin un segundo máis disto porque temos moi clara a nosa postura, o noso apoio ao colectivo. Levámolo defendendo durante moitos anos, non vou perder nin un segundo en responder os seus insultos. Moitas grazas.

DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Quere pechar?, Pois, damos por concluído e procedemos á votación.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 14/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO POÑA EN MARCHA UN PLAN DE INICIATIVAS DESTINADO A QUE O COÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE SE INTEGRE NO DESEÑO E NAS ESTRATEXIAS DA CIDADE (Exp. 2025/G004/000032).- Vista a devandita proposición expresiva do seguinte:

“Nos anos 80 a creación da Facultade de Veterinaria foi un revulsivo para a expansión dun campus universitario na cidade de Lugo, un fito que convertería a Lugo en cidade universitaria. Este campus, integrado na Universidade de Santiago de Compostela mantíña, e mantén, unha forte conexión coa realidade agrícola e gandeira da provincia, xermen do actual “Campus Terra”.

No ano 1991, o director da Escola Politécnica Superior poñía de manifesto que a matrícula universitaria na cidade de Lugo tíñase multiplicado por 7 en apenas 5 anos, acadando cotas de preto de 5000 alumnos.

No ano 2023 o Campus de Lugo alcanzaba os 3.276 alumnos, unha bolsa de poboación que debe ser aproveitada no seu conxunto. O Campus Terra representa unha oportunidade única en termos económicos, sociais, culturais e de consolidación de poboación e o Concello de Lugo ten a obriga de aproveitar esta oportunidade para que “o coñecemento da Universidade se integre no deseño e nas estratexias do Lugo do futuro”.

A proposta que presentamos ante o pleno busca fortalecer a marca LUGO, CIDADE UNIVERSITARIA, de xeito que sexa o orixe de sinerxías que permitan buscar beneficios para os estudantes, para a veciñanza de Lugo, empresas, etc así como fomentar a conexión entre o tecido universitario e o desenvolvemento local.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Establecer convenios co Campus Terra para a contratación de asistencias técnicas en áreas que actualmente son xestionadas por empresas foráneas, promovendo así a retención e valorización do talento local.
2. Crear bolsas de traballo destinadas ao alumnado titulado do Campus de Lugo, en colaboración con empresas locais, para impulsar a súa incorporación ao tecido laboral da cidade.
3. Poñer en marcha un programa de prácticas traballo formativo remunerado en distintos departamentos do Concello, facilitando unha experiencia profesional cualificada e de calidade para o alumnado universitario.
4. Destinar fondos para liñas de colaboración que permitan consolidar grupos de investigación vinculados ao Campus Terra, promovendo a innovación e o desenvolvemento científico no ámbito local.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular. Señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moi bo día de novo. Cando definimos o nivel de ilusionantes que eran os orzamentos, probablemente con asuntos como o que imos debater agora se poida entender ben. Cal é o modelo de cidade, cales son os proxectos que si cambian o rumbo das cidades, Sen dúbida, un hito importante para a nosa cidade foi a creación do campus universitario. Hónrame ademais que detrás estivera un gran traballo de persoas que me antecederon con responsabilidades no proxecto político no que milito. Estamos absolutamente convencidos que as cidades cambian de rumbo con políticos valentes que apostan por proxectos transformadores, que entendemos que a renovación do pavimento dunha rúa pois dende logo quedase moi lonxe do que entendemos que debe ser un revulsivo. Este si o foi, por iso, ademais, é acaído traelo ao día que se debateron aos orzamentos, porque a xente pode recordar o que conseguiron uns, é o que conseguen outros, por suposto sen acritude e sen ter máis argumentos que defendan a nosa proposición e sen entrar nese nivel de absoluto desprestixio, pero se se chega a ridiculizar un plan de saúde mental, cando cidades como A Coruña o teñen aprobado, pois indubidablemente xa está todo dito. É importante, é moi importante, que a Universidade penetre na cidade, é moi importante que o talento e o coñecemento que dela sae, pois redunde positivamente no plan de traballo que debe ter este Concello. Por iso traemos esta iniciativa. Creemos que é importante establecer un convenio co Campus Terra para poder dispor e contratar asistencia técnicas en ares actualmente xestionadas por empresas foráneas, moitas delas, en ese aspecto nós somos moi críticos, esas empresas con sede en Madrid, que parece que só miran alí cando teñen que criticar a Ayuso, pero, despois, cando necesitan unha asistencia técnica para un proxecto, pois desgraciadamente abusan moitísimo e insisto nos contratos menores, porque nos contratos abertos evidentemente non hai forma de impedir que ninguén se presente, pero nos menores si que se pode invitar a empresas co CIF P-27 da nosa provincia, pero ao mellor incluso insisto en que está, ademais non é unha proposta en exclusiva do Partido Popular, nas múltiples reunións de escoita activa onde a Universidade

tamén tivo dende logo unha enorme protagonismo, que é o que merece, así tamén nolo fixeron chegar. Tamén nos parece moi importante mandar unha mensaxe aos estudantes, aos estudantes do Campus Lugo. Sabemos que temos unha dificultade en infraestruturas, sabemos as dificultades que hai tamén para alugar un piso cando o estudante se matrícula, pero pode, precisamente, se sabe que ao remate ou durante a súa etapa universitaria hai un convenio coa administración local que lle permitiría ter prácticas remuneradas, podía ser un aliciente que podería ademais influír ou decidir que a escola universitaria onde se matricularse fose aquí ou noutra cidade. É outro dos puntos que traemos na nosa iniciativa, pero tamén o de poñer en marcha un programa de prácticas de traballo formativo nos distintos departamentos do Concello. Aquí hay un grao de xestión cultural, que é importante o patrimonio material e inmaterial da nosa cidade, e temos o talento na universidade ben preto. Todos recordamos o legado que nos deixou, en paz descanse, Ana Goy, por exemplo, canto leva traballado pola cidade, pois era unha traballadora dese campo. E tamén no punto catro, que a nosa iniciativa, destinar fondos para liñas de colaboración que permitan consolidar grupos de investigación vinculados ao Campus Terra, promovendo a innovación e o desenvolvemento científico no ámbito local. Este é o que pedimos, poder aproveitar as sinerxías e poder realmente aproveitar a Lugo cidade universitaria. Facémolo o día dos orzamentos, porque creo que contrapón realmente o que é un proxecto ilusionante co que vostedes presentaron, pero tamén o facemos ao ano, a semana onde iniciaban o curso, o día da súa onomástica. Eu quero tamén agradecer hoxe aquí o traballo de persoas socialistas, como Luis Álvarez ou da nacionalista Olalla Rodil, e no caso do grupo parlamentario no que me inclúo, que o 4 de decembro do 23 conseguiron acordos porque claro que con xente de ben se pode chegar a acordos e como nosoutros somos xente de ben, bos e xenerosos e implicados e comprometidos coa cidade e con Galicia. Ese acordo deu lugar a creación dunha mesa de traballo que os rector ratificaba o outro día no seu discurso e anunciaba que xa estaba en elaboración unha nova normativa para substituír o decreto 222/2011, e que permitiría garantir a continuidade das titulacións centrais do noso campus, que, como sabedes, tiñan un serio problema de alumnado. Con ánimo absolutamente construtivo...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señora Candia. Ten a palabra polo goberno, Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señora alcaldesa. Desculpa porque avisei que se acabou o tempo da intervención, porque os dous primeiros minutos, dedicounos a falar dos presupostos, entón, ben, quedouse sen tempo para defender a proposta que traía. Señora Candia, o Concello de Lugo está en permanente contacto co tecido universitario da nosa cidade e se involucra na integración do talento da USC. O Campus Terra participou de maneira activa a través da plataforma Pemade na estratexia LIFE Lugo Biodinámico, sendo determinante na consecución do primeiro edificio de madeira en España que obtén a certificación FSC de proxectos. Ademais de este hito nos proxectos de

arquitectura enxeñaría a nivel nacional e internacional, a USC e está presente na mesa pola diversificación industrial, forma parte do Consello Económico e Social, temos activos os convenios para a conservación e mantemento do Domus do Mítreo, o convenio Benvida a USC, convenios de colaboración educativa para a realización das prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado e as titulacións de grao ou máster impartidas na facultade de ADE. Aportamos unha importante colaboración económica na Fundación Rof Codina, da que ademais somos patronos. Formamos parte do proxecto de investigación Ide water, poñendo en contacto o tecido empresarial lucense co estudantado a través de eventos como Emprega-T Fests. Necesitamos estudos e asistencia técnica ou grupos de investigación da Universidade adscritos ao Campus de Lugo como, por exemplo, o que está agora en proceso de valoración do segundo estudo epidemiolóxico sobre as adicións sen substancia e que sirvan de base para o Plan de prevención de drogas. Participamos con eles na redacción e coordinación de proxectos baseados na preservación do turismo e a contorna medioambiental da cidade. En resumo, estamos a traballar de maneira constante coa Universidade, buscando sempre uns obxectivos moi claros. O primeiro é facer participe a USC, en especial ao Campus de Lugo, no proceso de transformación da cidade, e o segundo é promocionando o talento natural que temos nas nosas escolas. Indo máis aló, onte anunciabamos o primeiro concurso de traballos fin de grao e fin de máster, onde a Concellería de Xuventude e Deporte e a USC facemos extensible esta simbiose entre administracións premiando a todos e a todas os estudantes que busquen proxectos innovadores aplicables a instalacións deportivas municipais, ben sexa na mellora das actuais ou noutras novas, pero hai que o talento xerado na nosa cidade e no noso campus teña máis cabida, se cabe, aquí en Lugo. Seguindo a proposta, segundo o texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, se regularice a inclusión no sistema seguridade social os alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en plans de formación. Polo tanto, a lexislación é clara e en canto ás competencias e actuacións que en base a ela se pode impulsar coa Administración, e existen mecanismos moito máis adecuados dun ámbito superior que permiten articular as medidas que se propoñen. Por iso a USC firmou un convenio coa FEGAMP, na súa 8ª cláusula cita que no caso das prácticas non remuneradas o pago da seguridade social corresponderá á Universidade, no caso de ser remuneradas corresponderá ao organismo que financia o plan de formación. Por que digo isto? Porque atendendo á vosa proposición, crear bolsas de traballo destinadas ao alumnado da USC, en colaboración coa empresa local, é un traballo que está a facer a propia Universidade, como mostra este convenio, e no caso das prácticas remuneradas, ás becas FEUGA, seguen ofertando a posibilidade ao alumnado de prácticas coa aportación económica en diversos programas formativos, empresas, polo que tamén entendemos que xa se está a traballar neste apartado. E, para rematar, falaremos logo do decreto 222, pero gustaríame recordar que as competencias en materia educativa, como son o fomento dos centros educativos e a posterior á avaliación de resultados, é competencia da Xunta. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Grazas. A verdade é que, calquera lucense que escoite o Pleno pode chegar á conclusión de que o Concello pode pechar, porque realmente todo é competencia da Xunta de Galicia, todos os problemas que ten a cidade ten que resolvelos a Xunta de Galicia, e, cando os resolve, tampouco lles gusta como os resolve. A ver, eu alégrome que saiba que a Fegamp traballa na defensa e acerca aos concellos e en resolverlles os seus problemas. Eu intentei en moitas ocasións que precisamente lle fixese caso para resolver un dos problemas moi importantes que ten a cidade que é a carencia de instalacións deportivas, que por certo nos orzamentos é obvio que non me podo esquecer, porque van a estar presentes todo o ano e creo que entre en materia totalmente, dedicarlle uns pírricos 50.000 euros para o novo pavillón, absolutamente insuficiente, para as asistencias técnicas, como di vostede. Pero, dito isto, aínda que é certo que a beca FEUGA é un instrumento moi antigo, moitos dos que estudamos aquí e fomos universitarios seguro que tivemos nalgunha ocasión a oportunidade de ser un becado por FEUGA, pero non me estou referindo a iso, refírome a que, se son efectivamente ilusionantes e innovadores, lideren dende o Concello o seu propio plan. Parécenme ben os existen, pero o alumnado non necesita ao Concello de Lugo para poder ir a una beca FEUGA e, de feito, se existen as becas Feuga foi porque efectivamente se pretendeu aproveitar o talento da xente moza. Esta é unha oportunidade para dirixirnos a eses alumnos entre os 18 ou 23 anos, 26, que queren participar dunha maneira activa no seu Concello. No necesita moitos recursos. Eu recordáballes, o señor Repetto leva 35.000 euros en

bolsas para o co-living de artistas, que non o digo en plano despectivo, dígolle que vostedes recollen as bolsas remuneradas no seu orzamento. Non sei se lle recordou ese decreto que me acaba de dicir a min, está nos orzamentos, e dígollo en plan ben, é dicir, se pode o compañeiro de Dinamización Económica, pois tamén vai poder... ben, non sei se o ten que liderar vostede este acordo ou a persoa que a señora alcaldesa designe, pero o obxectivo desta moción vai máis alá, vai que Lugo lidere un achegamento maior á Universidade, que efectivamente haxa un convenio asinado co Campus para esas asistencias técnicas que nos permitiría, xa non só aproveitar talento, tamén persoas que viven na cidade, que enfocarían as solucións a moitos problemas dunha maneira máis en primeira persoa. É unha mensaxe á Xuventude, ás veces esforzámonos en vender as bondades do Lugo Transforma, que trae o que intenta traer postos de traballo á cidade, e eu digo esta é unha iniciativa para que o talento non se marche, para que cando remate a súa titulación universitaria no noso campus, vexa en Lugo una administración colaboradora con ánimo absolutamente positivo, construtivo, a que vostede dixo...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Moitas grazas. segunda quenda para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Ben, seguimos falando os orzamentos, como vostedes saberá, dentro dos remanentes deste ano, non só os 50.000 euros que figuran aí só para o proxecto de execución do pavillón novo, ademais de instalacións deportivas insuficientes temos bastante máis que as que ten a Xunta aquí na cidade, e son gratuítas para os nosos clubs deportivos, pero, bueno, imos deixar de falar de deportes, que estamos falando da Universidade.

En ningún momento critiquei ningunha das iniciativas que falei antes da Xunta, de feito das becas FEUGA tiven a sorte de coñecer a moita xente, porque estudei aquí e traballei aquí, de que se aproveitaron destas feugas, igual ca do convenio a Fegamp, e dentro das empresas de Lugo pois puidemos traballar e facer esas prácticas dentro deste amparo. O que quero dicir é que dentro das nosas competencias do Concello de Lugo sempre traballamos para dar unhas bases sólidas a nosa sociedade, en este caso ao Campus de Lugo, para que este poida crecer de maneira segura sen riscos e apostando pola promoción do talento que xeramos na nosa canteira. ¿Por que menciono isto último? Como vostede ben dixo antes, estamos a falar dunha proposta, que non o nego, ten moi boa intención, pero o que pon en dúbida, e estou seguro de que toda esta sala está de acordo comigo, en que a universidade para nós é unha prioridade, pero botei en falta algún tipo de instancia a Xunta ou ao Parlamento, como viñeches facendo ultimamente, onde premio ao departamento correspondente aplicar aos acordos acadados no Parlamento galego na 4ª Comisión de Educación e Cultura que se celebrou o catro de xullo do 2024, onde se aprobou unha iniciativa do PSdG en relación ao decreto 222/2011, o cal ese decreto establecía unha serie de requisitos que suporía o peche de varias universidades e graos do Campus de Lugo. Digo isto porque para que poidamos seguir traballando e fomentando a nosa universidade, é imprescindible tela aberta e, sobre todo, eliminar esta incerteza de todo o profesorado do noso campus. E dende aquí pídolles ás persoas sentadas neste salón de plenos que teñen competencias parlamentarias, que aceleren a modificación de dito decreto porque as nosas universidades o necesitan, porque ... se queremos defender e fortalecer a marca Lugo Cidade universitaria, o primeiro que debemos facer é loitar para que non nola pechen. Moitísimas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Última quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, ás veces tirar de argumentario xoga estas malas pasadas, e, sobre todo, non escoitar na primeira intervención, reproducín literalmente porque llo pedín ademais o discurso do reitor, á súa compañeira estaba tamén o 27 de xaneiro ás 12, e literalmente dixo: Imos garantir a continuidade das instalacións que son centrais na configuración do Campus Terra como campus de especialización. Xa estamos na fase de elaboración da nova normativa, agradecendo por certo o traballo da Consellería. Iso linllo na primeira intervención, e iso demostra realmente con total sinceridade a mala fe coa que se enfocan as propostas do Partido Popular, que llo expliquei no primeiro turno e contestoume vostede no segundo dicindo que isto era clave, dando a entender que nin me

prestar a atención. Eu dígolle que a posibilidade que nos dá a Universidade na cidade é enorme e a mensaxe a nosa xuventude debe ser unha prioridade nos orzamentos e tamén na acción política. Hoxe estas catro propostas creo que melloran calquera acercamento que xa tiñan iniciado e complementan calquera ...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas. Acabou o seu tempo.

Pois eu si que escoitei a primeira intervención, escoiteina moi detidamente e sempre me sorprende como se pode mentir con ese cuajo. Eu non ridiculicei un plan de saúde mental, estou segura que fai falta, ademais ridiculizar, creo que o escoitamos todos os que estabamos aquí, ridiculizar, eu non ridiculicei a ningún... Por favor, vostede ten que estar en silencio cando eu falo que cando vostede fala, eu estou silencio, polo tanto, teña educación... Ridiculizar un plan de saúde mental, eu non ridiculicei ningún plan de saúde mental. Si é certo que lle dixen que, ao mellor, a próxima vez nos van a pedir que fagamos un quirófano, pero iso non é ridiculizar un plan de saúde mental que estou segura que fai moita falta, pero quen ten a competencia para facelo é a Xunta de Galicia, porque aínda será o plan de saúde oncolóxica ou o plan de saúde... A ver cada un ten as súas competencias e cada un terá que atender as súas. Por iso que todo é competencia da Xunta de Galicia, non, señora, o que pasa é que por aquí intenta metérsenos pola porta de atrás as competencias da Xunta de Galicia para que sigamos asumindo competencias que non son nosas, quitando de investir noutras cousas, porque o que trata, señora Candia, é que aforre a Xunta de Galicia e que sexamos os lucenses e as lucenses os que paguemos. Iso é así. Polo tanto, non minta, non terxirse, non tense, e non crispe, porque aquí acábase de ver como mente descaradamente e despois falar de xente de ben, parece que a xente ben, a xente do Partido Popular e a xente de ben, que pasa?, que os demais non somos xente de ben. Tamén quero preguntalo, porque me deixou sorprendida e, polo tanto, si quería facer, non quería intervir nesta proposición, pero dende logo o que non vou permitir é que minta. Imos votar esta proposición.

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 15/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ADOpte DIVERSAS MEDIDAS NO BARRIO DE RECAELO E O PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO (Exp. 2025/G004/000033).- Vista a antedita proposición do seguinte teor:

“A historia do Parque de Rosalía de Castro remóntase ao ano 1921, co alcalde D. Ángel López Pérez á fronte da corporación municipal.

Dende aqueles tempos, fai máis de un século, o parque foi e á unha xoia da nosa cidade. É o pulmón urbano do centro de Lugo, con bens de elevado valor botánico; forma de tesouro arquitectónico con marabillosas pezas de Maquieira e é o lugar de encontro de todas as xeracións de lucenses e visitantes.

Sen embargo, a importancia desta área para a nosa cidade non se vendo correspondida coa atención que merece e a imaxe que ofrece é moitas veces lamentable e incluso entraña perigo para os usuarios.

Conscientes desta situación de abandono e deterioro que sofre esta xoia da nosa cidade, dende o grupo municipal popular mantemos reunións con carácter periódico con representantes dos veciños (co el fin de escoitar as súas demandas) e presentamos diversas iniciativas no pleno (tanto neste mandato como en mandatos previos) con rogos y propostas de acción sobre a zona: mantemento, arranxo, conservación, aparcamentos, limpeza pista de patinaxe, actuación sobre las costas do parque, rúa Frei Prácido Lemos, etc.

A última reunión cos veciños celebrámola o pasado 14 de novembro e nela acordamos presentar unha moción para debater en pleno municipal un plan de acción para a zona.

Posteriormente, líamos na prensa que o concello realizará traballos de limpeza e conservación da contorna, noticia que este grupo colleu con satisfacción, porque forma parte do plan de acción que propoñemos para o debate. Pero aspiramos a que se realice algo máis que unha actuación puntual. O que perseguimos é un acordo municipal para actuacións programadas, de carácter permanente, e non só para o parque, senón para todo o barrio.

Por todo o exposto,

Dende o grupo municipal popular presentamos esta proposición para o seu debate no Pleno do Concello de Lugo mediante a que instamos:

1. Ao goberno municipal a que realice as seguintes accións;

- * Aprobación dun plan de conservación e mantemento de carácter permanente do parque de Rosalía.
- * Acondicionamento e posta en funcionamento das fontes.
- * Aclareo das árbores que dificultan as vistas do río Miño dende a Pérgola.
- * Demandar á policía local que, na medida dos efectos dispoñibles, reforce as súas accións de control de consumo de alcohol na rúa, aos efectos de evitar o botellón.
- * Aprobación dun plan de limpeza periódico, especialmente da zona das pistas de patinaxe.
- * Estudo sobre a posible existencia dalgunha “árbore senlleira” segundo o regulado no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, á fin da súa protección e obtención de axudas autonómicas.
- * Elaboración dun plan de dinamización da zona con actuacións turísticas, culturais e sociais.
- * Aprobación dun plan de control e rehabilitación de inmobles.

2. Ao goberno municipal a que se dirixa ao goberno galego para que realice las seguintes accións:

- * Estudo posible declaración BIC
- * Demandar á policía autonómica que, na medida dos efectos dispoñibles, reforce as súas accións de control de consumo de alcohol de menores na rúa, aos efectos de evitar o “botellón”.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

* Apoio á realización dalgunha actividade incluída no plan de dinamización elaborado polo concello.

* Apoio á inclusión dalgunha especie no catálogo de “árbores senlleiras” si así se identifica.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Sanz.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Ben, grazas señora alcaldesa. Bos días, concelleiras e concelleiros. En primeiro lugar quero saudar aos veciños e representantes da Asociación do Parque Rosalía de Castro Recatelo, que nos acompañan neste Pleno municipal, onde imos a debater unha iniciativa do meu grupo, do Grupo Popular, sobre as melloras no parque de Rosalía de Castro e no barrio de Recatelo.

Supongo que todos compartimos que el parque, como así lo conocemos los lucenses, es uno de los espacios más emblemáticos de la ciudad. El parque Rosalía de Castro con el nombre de la célebre escritora gallega, como homenaje a su contribución al renacimiento cultural de Galicia; el parque con sus más de 100 años como referente histórico, artístico y paisajístico; el parque como pulmón urbano y como lugar de conexión entre la ciudad y el río; el parque como lugar de encuentro de todas las generaciones de lucenses y visitantes; el parque con importantes elementos arquitectónicos gracias en parte al trabajo de Eloy Maquieira, que introdujo el racionalismo, rompiendo con el clasicismo predominante en arquitectura gallega de la época y que nos dejó joyas como el Quiosco de la Música, el muro de contención, el *peitoril* o la pérgola; el parque con su riqueza botánica, hay árboles centenarios y singulares; o el parque con el uso del agua como elemento central en el estanque de los patos, en las fuentes y en el mapa geográfico de España. En definitiva, el parque como un tesoro urbano al que todos nosotros tenemos el deber de conservar y de proteger. Sin embargo, este espacio enfrenta desafíos crecientes que amenazan su belleza y su funcionalidad; la falta

de mantenimiento de las zonas ajardinadas, la acumulación de basura tras los botellones, las deficiencias en la eliminación o el deterioro de infraestructuras como fuentes, columpios, los estanques, senderos o bancos, son problemas que no podemos ignorar. Ante esta situación, los vecinos y los usuarios han manifestado en numerosas ocasiones su preocupación y los medios de comunicación han publicado diversos artículos en los que se recoge la indignación de la ciudadanía e da demanda de una actuación urgente por parte de su propietario, que é ese o Concello de Lugo y, como tal propietario, es el obligado a conservarlo y mantenerlo en buenas condiciones. Titular de La Voz de Galicia del 21 de agosto: El histórico parque Rosalía de Lugo y sus continuos desperfectos, desperfectos sen visos de solución: Un árbol apuntalado de forma provisional hace una década; una balaustrada con grietas; la casa almacén convertida en lugar de botellón; letras caídas en las esculturas, son algunos de los daños de este espacio con más de 100 anos de historia, decía la Voz de Galicia y recogía unas palabras del arquitecto Santiago Catalán ya del año 2017, donde ponía como ejemplo el caso del árbol que está sujetado con cuerdas, como detalles que hablan de una forma de entender la ciudad marcada por la desidia, la rutina y la falta de respecto. Titular del Progreso de 29 de diciembre de 2024: Lugo se desentiende su joya verde. El parque de Rosalía presenta numerosas carencias y desperfectos que reclaman inversión, y entre dichas carencias menciona los árboles enfermos, el firme con charcos y barro, aseos públicos inutilizados, caseta del guardia vandalizada, deterioro de la balaustrada, o bancos sucios o fuentes estropeadas. Y estes desperfectos que acabo de enumerar no los dice este grupo municipal, que también, sino que lo recoge el Diario El Progreso en una publicación de hace justo un mes y un día. En definitiva, el contenido de estos artículos ponen en evidencia la falta de una planificación efectiva para el mantenimiento de nuestro corazón verde por parte de su propietario. Y ese es el motivo por el que presentamos esta iniciativa, mediante la que pedimos, tanto al Concello de Lugo como administración propietaria, y por tanto responsable de su conservación, como a la Xunta de Galicia que adopten unha serie de medidas que detallaré en el segundo turno. Pero quiero dejar claro que presentamos esta proposición en positivo, con ánimo constructivo y con el fin de recoger las demandas que nos trasladan los vecinos y los usuarios del parque. Con esta iniciativa pretendo que todas las administraciones trabajen juntas con el objetivo común de preservar esta joya urbana y el área de su entorno, y con ese ánimo constructivo, y así como mencioné dos artículos recientes que recogían los problemas del parque, también voy a mencionar otro artículo que nos satisfizo enormemente. El Progreso, 14 de enero de 2025, el Concello realiza mejoras en el parque y pedirá elevar su protección y que sea declarado BIC. El Concello anuncia trabajos de limpieza y conservación, restauración de balautrada y plantación de árboles. Desde este grupo municipal teríamos esta noticia, como decía, con gran satisfacción y en esa línea va esta moción, mediante la que instamos aquí este tipo de actuaciones se realicen no de modo improvisado o tras la publicación de artículos críticos, sino dentro de una planificación permanente, tal y como explicaré en mi segundo turno. Gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Quenda para o concelleiro Mauricio. Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Bueno, al principio pensé que me iba a dedicar un poema con esto del parque, el parque, el parque. Está claro que el parque es una joya evidentemente natural, una zona verde privilegiada de nuestra ciudad, a la cual debemos todo respeto y toda la dedicación, por supuesto, y en ello estamos. Usted misma se pregunta y usted misma se responde, porque también dio la noticia donde teníamos en marcha un plan de mantenimiento de cuidado, de atención y mejora en las propias instalaciones del parque. Y, como siempre, traen a este Pleno cuestiones en las cuales ya estamos trabajando, ya tenemos en marcha, y, por lo tanto, como siempre, van un paso por detrás. Le comento que hemos iniciado esa conservación, la actualización del parque, entre otras tareas, se está ejecutando la figura de la limpieza, el arreglo del mobiliario urbano, lo juegos infantiles, las fuentes, el aseo, el firme de los paseos interiores o la eliminación de pintadas producto del vandalismo. Sabemos que es una seña de identidad de nuestra ciudad y que tenemos la obligación de darle más valor y en ello estamos y seguiremos trabajando. Se ha licitado el estudio por parte del Ayuntamiento para acometer la obra de recuperación de una de las columnas de la balaustrada del mirador, produto del choque de un condutor con su vehículo contra dicha columna. Entonces, estos trabajos no son una cuestión improvisada, como usted dice, señora Sanz, esto está dentro de un plan director del propio parque Rosalía de Castro, y no podemos hacer lo que queremos, sino lo que dice ese plan director y, por supuesto, con toda la rigurosidad que eso conlleva. Se ha destacado también la limpieza con agua a presión, el arreglo del mobiliario de las zonas infantiles, como decíamos, está en marcha el arreglo de esa balaustrada. Y, por supuesto, quiero darle datos, porque parece que esto es improvisación y no lo es. En relación al mantenimiento darle algunos datos: que estamos a hablar de 28.000 metros cuadrados de parque, de los cuales 8400 son césped, con 230 bancos, 76 papeleras, 280, árboles, más arbustos y setos; cambios de flor de temporada por más de 4000 plantas, y estamos hablar de 4500 horas de trabajo humano en el año 2023, y de 5300 horas al año de trabajo de tres operarios diarios dedicados a ello, más refuerzos en época de plantas de temporada; 735 horas de camión al año, distribuidas en las labores de limpieza, de limpieza del mobiliario, del pavimento, de las malas hierbas, de segar, de podar, del cuidado de la fauna; de replantar, de la fertilización, del cuidado fitosanitario de toda la vegetación que hay allí. Es un esfuerzo enorme por parte de este Ayuntamiento. Es una de las zonas que más cuidado de las zonas verdes requiere. También decirle que no se han identificado árboles que puedan ser reconocidos como singulares, si bien son árboles centenarios, no cumplen dichos requisitos para ser catalogados como tal. Y en relacion a la dinamización del barrio, se viene trabajando de la mano de los vecinos, que aprovecho para saludar, de la Asociación de Vecinos del barrio, pero también de los hosteleros, de los comerciantes, pero no sólo en el barrio de Recatelo, Rosalía de Castro, sino en toda la ciudad, con todos los actores que dinamizan económicamente y socialmente los barrios.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para a señora Sanz.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Gracias alcaldesa. Señor Repetto. el 14 de noviembre fue la última reunión que tuvimos con los vecinos y adquirimos el compromiso de presentar unha serie de propuestas en positivo para el parque. El 14 de enero vemos la empresa que inicia el trabajo, entonces no creo que que haya ninguna duda de quién va detrás. Nosotros dos meses antes ya tenemos ese compromiso, no hemos hecho ninguna actuación a partir del 14 de enero, sino que es algo en el que venimos trabajando desde el 14 de noviembre. En cualquier caso, como decía, valoramos positivamente que el Concello reconozca la necesidad de intervenir y que se estén llevando a cabo algunas actuaciones positivamente, pero, sin embargo, es una realidad que estas medidas llegan despues de un largo período de abandono, de denuncias ciudadanas y de evidentes signos de deterioro, tal y como reconocían en los medios de comunicación, no nosotros, los medios que leí en mi primera intervención. Es positivo que realicen trabajos de limpieza, de restauración de mobiliario y reparación de elementos dañados, pero estas actuaciones, que son necesarias, son insuficientes si no van acompañadas de un plan de mantenimiento continuo que evite que la situación vuelva a repetirse en el futuro. No podemos permitir que el parque se deteriore hasta alcanzar un punto crítico antes de que se tomen medidas. Además los desperfectos que presenta el parque no se deben únicamente al paso del tiempo, a actos vandálicos puntuais, sino también a la falta de una gestión preventiva eficaz. La ciudadanía no sólo espera respuestas reactivas, sino una política de conservación planificada que garantice que este emblemático espacio se mantenga en óptimas condiciones durante todo el año. Y ese es el primer punto de nuestra moción, el más importante, que el Concello apruebe un plan de conservación y mantemiento de carácter permanente del parque, porque la realidad ha acreditado que el plan vigente, si existe, que ustedes dicen que existe un plan director, pues, si es que existe, no está funcionando. Y este plan también debería acompañarse de otras acciones como, por ejemplo, prevenir en la celebración de botellones en el entorno, polo que instamos tanto a la Policía Local como a la Policía Autonómica a que refuerce su presidencia y control en horario nocturno para que no se consuma alcohol en la vía pública. O también pedimos la elaboración de un plan de dinamización del barrio de Recatelo, con medidas, por ejemplo, de promoción turística como pueden ser visitas guiadas; o medidas de carácter cultural, como pueden ser conciertos, celebraciones, representações teatrais o juegos; o con actuaciones de carácter social, como por ejemplo cediendo el uso de la casa almacén a las asociaciones para fines sociais y que tengan un lugar de encuentro vecinal. Un plan de control y de rehabilitación de inmuebles, o el estudio, por ejemplo, sobre la posibilidad de que existan árboles senlleiras, porque si hay algún árbol que se puede calificar como tal, se solicita a la Xunta de Galicia, se obtiene protección y se obtienen ayudas para esa protección. El estudio, aquí concordamos con las palabras de la alcaldesa, de la posible declaración del parque como bien de interés cultural, tiene

la mano tendida de este grupo municipal para trabajar en ello e incorporar el parque al que sería el 14ª bien de interés cultural de este Concello, junto con esta misma casa consistorial que también lo es. Y acabo ya. Las medidas que incluye esta moción no son una lista cerrada, si no que simplemente son propuestas que van surgiendo, que nos trasladan los vecinos y que se puede ir ampliando, que lo que pretende es colocar al parque y su entorno en el centro del debate y alcanzar el compromiso de las administraciones....

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Grazas, señora Sanz. Continuará na segunda ronda. Segunda quenda para, o señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Bueno, ya hemos comentado esa gran labor que realiza y lleva a cabo el Ayuntamiento de Lugo para la conservación y mantenimiento de dicho parque, los medios y recursos municipales para su puesta en valor, y también son conocedores del compromiso de este equipo de gobierno de iniciar ese expediente de declaración de interese cultural del parque Rosalía de Castro. Son conocedores también de dicha exposición y queda claro que en cuanto a lo que piden en relación al mantenimiento y dinamización económica y social del barrio de Recatelo ya se está a desarrollar y llevando a cabo con diferentes colectivos. Por tal motivo le propongo una enmienda de supresión del primer punto de acuerdo, dejando sólo como acuerdo el punto segundo de instar a la Xunta a colaborar en las conservaciones de las instalaciones. Gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas.

Voces de fondo intelixibles... DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: suprimir el primer punto... Porque ya se está haciendo...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Última quenda da señora Sanz..

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: ... Que el propietario del parque, que está obligado a conservarlo, se exima de toda su responsabilidad, eso ya es el colmo de todas las iniciativas que acabemos pidiendo a la Xunta apoyo. La Xunta apoya, pero el concello es propietario y debe ser el responsable. En cualquier caso, bueno, queda claro que el parque es un símbolo de la ciudad de Lugo. Apoiaremos, por supuesto que se declare como bien de interés cultural. Nosotros apostamos un parque limpio, seguro y bien cuidado y por un barrio vivo y con actividad que siga siendo un espacio de disfrute para las generaciones presentes y futuras, ya que pensamos que con voluntad y planificación podemos lograrlo. En cualquier caso, no oculto que me gustaría alcanzar la unanimidade en la votación de esta moción. Ya me doy por satisfecha por poner el mantenimiento del parque en el foco del debate político y que este sea obxecto de atención por parte de las administraciones para darle y devolverle el esplendor que tuvo y que merece. Finalizo ya agradeciendo el trabajo de la Asociación del Parque de Rosalía, trabajo incansable que parece que ya está recogiendo sus frutos y consiguiendo que el parque y su barrio estén...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Muchas gracias, señora Sanz. Acabou o seu tempo.

O que lle dicía o concelleiro: está claro que o Concello xa está facendo os seus deberes. O que queremos é que a Xunta contribúa, non que teña a obrigación, senón que contribúa como vostede pide, paréceme unha proposta moi boa, que a Xunta axude ao Concello a manter ese parque no que se necesite, nesa proposta, nese segundo punto. O primeiro, como lle dicía o concelleiro, non, hai que suprimilo porque xa o estamos facendo, entón o que necesitamos é que haxa máis xente implicada e, por suposto, se teñen a man tendida tamén para o parque, paréceme estupendo. Nós recibimos, tiramos o guante, recibimos, evidentemente. Polo tanto, o que lle estaba dicindo o concelleiro era iso, que o primeiro é unha emenda de supresión do primeiro punto, porque xa se está a facer. Entón que sexa, a proposta, a proposición se centre no segundo punto, que a Xunta de Galicia axude nese mantemento do barrio de Recatelo e do parque Rosalía de Castro, xa que teñen tan boa vontade. Polo tanto, entendo que non admitiu a a emenda, pois entón imos votar.

9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 16/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO FINALICE A AVENIDA VILA VERDE DE PORTUGAL (Exp. 2025/G004/000034).-

Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“O día 16 de xaneiro a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, anunciaba o centro de atención integral á saúde mental na antiga sede de Aspnaís, na Rampla de Claudio López. Unha dotación orzamentada con 3,6 millóns de euros que se destinará á reforma do edificio e á súa adaptación aos novos servizos e que, segundo as previsións, poñerase en marcha en 2027.

O edificio obxecto deste anuncio pertence a un espazo que é preciso desenvolver para rematar a avenida Vila Verde de Portugal, unha vía de dous carrís en cada sentido que vai dende Catasol a Sanxillao e que ten un tramo sen construír na parte central.

Urbanisticamente, o solo atópase en dous Polígono de Actuación incorporados no documento da primeira aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal en vigor. A identificación destes polígonos é a de P.A. 13.2 e P.A. 13.3 do mesmo. En ambos casos, cun desenvolvemento urbanístico parello, a responsabilidade da súa xestión sitúase no Concello, que ten a atribución de redactar e aprobar as figuras de planeamento de desenvolvemento, reparcelación, equidistribución e urbanización, así como de, posteriormente a todo elo, posibilitar a elaboración dunha conta de liquidación que distribúa os costes das descritas iniciativas sobre os propietarios das diferentes parcelas.

O Concello é coñecedor de que todas estas referidas accións, e as condición asociadas a súa execución veñen recollidas no PXOM nas

correspondentes fichas, ambas asociadas ao DISTRITO D13, dentro da AR-13.B SUNC.

Neste ámbito de actuación, a Xunta de Galicia figura coma un dos propietarios obrigados a participar da reparcelación, equidistribución e urbanización, pola parte de terreo que pertence á referida sede de Aspnais, onde lle corresponde ceder unha parte da súa superficie.

O cumprimento da obriga da administración autonómica pasa por unha previa actuación urbanística da administración local, como se ten descrito, pero non ao revés, asumindo as disposicións redactadas no documento de reparcelación completo, ou ben, no seu caso, unha cesión anticipada do anaco de superficie a ceder, coa reserva do seu aproveitamento, coa idea de executar previamente o vial (avenida vila verde) e o equipamento asociado, se procede.

Esta operación urbana, ben co desenvolvemento conxunto no tempo, ben cunha cesión previa para a realización, alomenos, do vial, permitiría mellorar a mobilidade na zona, establecendo novos circuitos de tráfico rodado na contorna da tan saturada Rolda das Fontiñas e avanzar no desenvolvemento da trama urbana, cun amplo sector de solo pendente de urbanizar nesta contorna.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, e considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Establecer os mecanismos urbanísticos, de competencia municipal, para a finalización da execución da Avenida Vila Verde de Portugal.
2. Incorporar esta iniciativa urbana dentro do plan de investimentos do Concello de Lugo para o vindeiro ano, iniciando os trámites necesarios para a súa execución á maior brevidade posible."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrito.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular. Señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bueno, pois, moi bo día a todas e todos. Vou comezar a defender esta proposición coa ilusión de que o grupo

de goberno vote en contra, cando remate a miña defensa, unha cousa que non é habitual, pero vou dicirles que o fago con esa ilusión de que realmente ocorre o mesmo que ocorreu coa miña compañeira Cristina cando defendeu a súa, e que nos saquen de repente a sorpresa de que o tema de Vilaverde xa está avanzadísimo, de que nos decatamos por unha escura canle de que estaba a punto de saír adiante e adiantámonos pedindo... pois nada, unhas horas antes de que anuncien que as figuras de planeamento xa están listas e redactadas e a piques de aprobarse. A ver se teño sorte.

O Planeamento xeral de ordenación urbana de Lugo foi redactado e aprobado polo Goberno municipal definitivamente no ano 2012, a falla dalgunha parte do territorio municipal, e no ano 2023 na súa totalidade, en ambos casos coa axuda, coa colaboración do grupo municipal do PP, porque o Goberno non foi capaz de facelo por si só e posiblemente sexa síntoma ou consecuencia dalgún dos problemas de planeamento urbano que estamos a ter. Os polígonos urbanos con denominación 13.2 e 13.3 forman parte deste documento do distrito 13 do mesmo, e os concelleiros, con formación técnica, que pertencen ao Goberno municipal, saberán igual ca min que o documento xeral de planeamento fixa para eles, igual que para o resto do planeamento menor, unas directrices para a súa xestión. Estas directrices son vinculantes para o Goberno municipal e, a salvo das recorrentes modificacións das que tan continuamente temos que estar a falar, teñen a obriga de cumprilas. Entre estas directrices figura o sistema de actuación. Xa saben que son tres as posibilidades. A primeira, a iniciativa da propiedade, é a de compensación; ás outras dúas son a iniciativa da Administración pública, son as de cooperación e expropiación, e nestas dúas a Administración local é a responsable do cumprimento destas disposicións. Tamén se fixan uns prazos de tempo para esta intervención, como resulta obrigado para que os problemas non se enquisten e a cidade medre correctamente en superficie e en volume. Pois neste caso, nestes dous polígonos dos que estou a falar o sistema é o de cooperación, o que pon a responsabilidade da Administración local en que ten esta a obriga de elaborar o planeamento, de facer a reparcelación, de distribuír equitativamente as cargas e os beneficios dos polígonos e de facer fisicamente a urbanización. Unha boa noticia para vostedes é que os custos resultantes non teñen que ser asumidos pola Administración local porque se repercuten nos propietarios dun xeito equitativo, pero si é certo que teñen a obriga de xestionar a ordenación de todo este procedemento. Que nós saibamos, non se ten feito esta xestión, ou ningunha xestión, máis aló de requirirille á Administración autonómica para que o faga. Se buscamos cales son as obrigas desta Administración autonómica, si, efectivamente, vemos que existen, porque figura como propietaria dunha parcela no polígono 3.2, onde antigamente existía a sede de ASPNAIS e proximamente un centro de atención á saúde mental, polo cal si ten obrigada participación a Administración autonómica. Este propietario, como os restantes, ten dereito o aproveitamento segundo a porcentaxe correspondente e, de igual xeito, obrigas na participación das cargas. entre estas cargas está, aló menos, e ninguén o nega, a cesión para a ampliación da Vila Verde. Toda a obriga da Administración autonómica neste asunto pasa por asumir o resultado da xestión da Administración local. O problema é que ten que existir previamente esa xestión.

E espero a segunda quenda para escoitar ilusionadamente, que efectivamente xa está en marcha.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Cabarcos. A primeira quenda, para o señor Bustos,

DON JORGE BUSTOS ATANASIÓN: Non hai nada mellor que empezar xa coa resposta, señor Cabarcos. Vou empezar a miña intervención de maneira política, e teño que facer unha pregunta importante, lendo a proposición, é: por que se opoñen a que a Xunta colabore? Que intereses teñen que isto faga de maneira solitaria o Concello de Lugo? Son os concelleiros que máis investimentos aforran a Administración autonómica. É máis, quixo hoxe meter emendas aos orzamentos para que sexa o Concello o que faga un estacionamento en Fontiñas, Entón, por que contradicir á propia Xunta que fixo ofrecementos para construír aparcadoiros na cidade? Que buscadeis, traballar pola cidade ou parar investimento? Esa é unha primeira reflexión. Logo empezamos coas roldas de prensa; que por parte do Partido Popular posterior ás reunións do Consello coa Xunta, que foron positivas esas reunións, nas primeiras declaracións mencionan na prensa -e aquí teño que dicir que eu si que estou atento cando falan neste Pleno nas diversas intervencións, non estou agochado noutras conversacións- pois o primeiro parágrafo da rolda de prensa que fixo o PP, pavimento e coloreas, que tanto dicides. Insisto, se pasearon un pouco polas obras a cidade, poderán observar uns tubiños corrugados, lisos, de cores que son para a renovación infraestruturas: saneamento, abastecemento, etc, unha serie de infraestruturas necesarias para que melloremos no día a día dos cidadáns. Supoño que dará máis votos mentir á xente dicindo que só pavimentamos cando estamos a renovar as infraestruturas da cidade. Na mesma rolda, vostedes defenden que as solucións para a cidadanía é facer un aparcadoiro en altura, non a execución da avenida. Si é unha opción, pero xa postos a facer algo como ben anunciastes en prensa, é facelo con planificación e unha correcta planificación é elaborar propostas que solucionen varios aspectos, non só un. Ademais, véndoas parcelas que figuran nas notas de prensa, pois vostede igual ca min saberá que cando hai grandes desniveis de terreo, unha construción xa só de pensar en todo o formigón ante a complexidade técnica que ten, pois ademais dun custo económico moi elevado, o impacto visual e estético que podemos ter é bastante elevado. Entón por iso polo Goberno se estudaron varios condicionantes que vou poñer aquí neste Pleno para que o saiba todo o mundo e o saiba á prensa, das necesidades da cidadanía, dos barrios, que figuran na proposta do Concello, vale? Nos barrios do distrito 13.

Por todos é sabido que a avenida das Fontiñas, non só é necesario ampliar a oferta aparcadoiros, por todos é sabido a alta afluencia de tráfico que ten esta vía, ao ser un dos enlaces da zona norte coa zona sur da cidade, pois fana dificilmente transitable. Por iso, o Goberno segue estudando alternativas para discernir diferentes itinerarios alternativos para que esta vía teña menos carga de tráfico diaria. O tráfico das Fontiñas descarga en gran parte na zona de confluencia da zona sur da cidade, como son Xosé Novo Freire, Rolda das Mercedes e nun futuro

o Paseo dos Estudantes. Estas necesidades fan que a rúa San Xillao sexa unha alternativa para as rúas que circulen en dirección a Ramón Ferreiro, Catasol, Rei Don García e San Roque, mesmamente, ¿Por que menciono isto? Este marco conceptual? Pois, ben, os veciños da contorna que usan o camiño de San Xillao así o transmitiron en numerosas ocasións, que é unha zona perigosa para o tráfico rodado e viandante, polo que é outra casuística máis a ter en conta na proposta que presentou o Concello na Xunta de Galicia. Ben, pois con todos estes factores, o Goberno decidiu que a proposta máis viable é a de culminar a avenida Vila Verde nunha reunión que tivo lugar na Xunta de Galicia co delegado territorial e varios técnicos de ambas as administracións. En dita reunión puxéronse sobre a mesa varias propostas onde foi ben vista esta proposta da execución da avenida Vila Verde, tanto polos técnicos autonómicos como polos do Concello, quedando á espera, como é evidente, da Dirección Xeral de Mobilidade determinara a súa viabilidade técnica. Ben, pero é que para sorpresa de todos, aos poucos días de dita reunión, no PP empezamos a revolver e condiciona que os avances acadados nestas reunións entre Concello e Xunta, imos a instancias superiores, freamos o investimento en Lugo da Xunta e agora na proposición esquécense da idea dos aparcadoiros e instan ao Concello a rematar a avenida Vila Verde con fondos propios, cando xa temos un compromiso da Xunta de que hai que colaborar. En 11 días cambiaron de opinión, de azul a vermello.

Entón nada, sinxelamente, non sei, vendo as notas de prensa, e non sei en que quedamos, para vosoutros agora si que executar Vila Verde é unha prioridade, pero, claro, o de sempre, que o pague o Concello e xa está. Na segunda intervención falarei da aos aspectos técnicos que mencionaba vostede na primeira.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda do señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Señor Bustos, como lle expliquei na primeira das intervencións, os custos non corren a cargo da Administración pública que execute a obra. Faise unha equidistribución das cargas e dos beneficios entre os propietarios e eses propietarios asumen o custo. Entre eles está a Administración autonómica, que ten unha responsabilidade, pero a Administración autonómica non ten por si a responsabilidade de executar o planeamento do que se vai servir esta operación para poderse executar. Voulle comentar, porque non é unha boa idea pensar en equipamentos de aparcadoiro, cando pensamos na apertura de Vila Verde, a Administración local, ou a Administración nacional ou provincial, a salvo de ter propiedade, que penso que non a ten, non ten obrigas aquí, a Administración autonómica, que si ten propiedade, ten, por tanto, participación en beneficios e cargas. A Administración local ten a obriga, porque así o pon os PXOM, de ordenar o desenvolvemento, iso é inapelable, e é o primeiro paso. Vostedes falan doutra cousa, falan de traspasar responsabilidades dunha administración a outra e fano para resolver un problema doutra contorna, que en realidade xa hai de moitas hoxe, o da escaseza de aparcadoiros nunha trama consolidada que hoxe e os vindeiros anos non parara de

medrar, pero esta intervención non para iso, non para esa escaseza de aparcadoiros. Xa o dixo o tenente da alcaldesa en prensa hai días que fai falla un aparcadoiro na contorna das Fontiñas, pero non en San Fiz, non en Catasol, non en Fontiñas. Pero, aínda así, para abrir este vial teñen tamén que poñerse a traballar e teñen dúas posibilidades: A primeira era ... planeamento, a reparcelación e a equidistribución de cargas, sen unha recepción física da que lle falaba; pero a segunda, que é máis rápida, son áreas, estas de ordenación detallada e iso permite anticipar cesión de reserva de aproveitamento e executar o vial directamente, o que máis adiante continuaría co remate da intervención, e deste xeito xa terían o aparcadoiro do que falan, de dúas marxes en cada sentido, entendo que é o proxectado de 320 metros lineais aproximados que provería aproximadamente unhas 200 prazas. Onde se rompe este discurso? Cando se remate a urbanización, porque voltarán a casilla de saída porque, unha vez urbanizado, desenvolveranse, loxicamente é un terreo atractivo para elo, a edificación residencial con aproveitamento lucrativo que hai alí e a nova rúa xa dará servizo aos novos residentes, aos novos usuarios e os novos comerciantes, co cal están a propoñer un parche a un curto prazo que en circunstancias normais duraría dous tres anos desde que se abrirá esa vía. Tamén é certo que coa súa operatividade se consideran abrir o vial quedarían tan sorprendidos e tan desconcertados que votarían outros 20 anos para rematar coa cooperación, co cal o grupo municipal do PP está a favor do desenvolvemento desa vía e de eses polígonos, pero sen considerar que sexa a solución de aparcadoiro futuro para As Fontiñas, que non o é. Por lo tanto, traballen primeiramente en procurar este vial e despois executaremos ao resto da operación

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señora alcaldesa. Señor Cabarcos, en principio eu vendo agora mesmo o deseño da vía que está na avenida Vila Verde, os seus cálculos e os meus distinguen: 350 metros 2,20 son 160 aparcadoiros que, por dúas marxes, pois son máis ... dos que vostede dixo. Para que nos fagamos idea da magnitude e que se entere a todo o mundo. O aparcadoiro da Praza da Constitución ten aproximadamente 150 prazas, serían 300, ademais de a versatilidade que nos dá aí para todos os cidadáns poder ter unha vía de acceso a maiores para evitar Fontiñas e poder ir cara ao centro, o cal dixo na súa intervención, co cal estamos de acordo.

Imos falar do apartado técnico porque falei cos técnicos do Concello e, evidentemente, fixéronme ver de que o Plan de ordenación xeral xa establece os mecanismos urbanísticos oportunos, unha ordenación detallada, unha delimitación de polígonos, unha determinación do sistema de actuación e, en consecuencia, non se considera necesario establecer outros mecanismos. É máis, pois, por exemplo, o Goberno autonómico ten dúas vías para levar a cabo este proxecto, ... a necesidade, tal como sinalades, de desenvolver nel os dous solos que se contemplan neste ámbito. A primeira é a través da normativa que rexe os proxectos

de infraestruturas, como o fixo a Xunta no aparcadoiro da avenida de Breogán; É a segunda sería a cesión anticipada dos terreos necesarios para desenvolver as vías contempladas neste ámbito por parte dos propietarios. Para realizar este proxecto serían necesarios 7000 metros cadrados, dos cales 2000 son titularidade da Xunta, ademais, como a parte maioritaria dos propietarios do resto do chan é necesario, o Concello de Lugo xa leva meses traballando polo que sería factible acordar una cesión anticipada. Xa o dixo ao principio da proposición. Xa sabe resposta. Ben, é por que o punto dous? Pois, miren, na aclaración ao punto dous de incorporar esta iniciativa urbana dentro do Plan de investimentos do Concello de Lugo, pois, mire, tendo manifestado a Administración autonómica o compromiso de financiar, proxectar e executar un aparcadoiro nesta cidade, pois a resposta do gabinete técnico a cargo do estudo das propostas é afirmativa. No caso de que sexa avenida Vila Verde a elixida, supoñemos que eses cartos que están dedicados a proposta do aparcadoiro que se poida mover para que se inicien as obras canto antes da avenida Vila Verde. Polo tanto, ben, non aceptamos a proposta por todo o anteriormente exposto. Moitísimas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO. Moitas grazas, señor Bustos. Última quenda, señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: E ao final teño a resposta negativa que tanto ansiaba, pero non polos motivos que eu cría que ía ter. O que podó dicir é que, ben, había un arquitecto nos anos 50, de certo prestixio, que dicía que os malos arquitectos agochaban os seus erros e as súas incapacidades con plantas. Neste caso a incapacidade de xestión municipal no que ten que ver co planeamento agóchase en Pías, pero, ben, máis ou menos vén ser o mesmo. Entón, o único que queremos dicir é que a teima de buscar a mellor postal, as operacións fáciles, as operacións doadas, e que traballen nas operacións que son de maior dificultade, que ten o planeamento de Lugo, que, a resultados dun plan que non é o mellor posible, pois necesitan da súa capacidade de xestión para saír adiante cun crecemento ordenado na cidade, e isto é un bo exemplo para sacalo adiante. Polo tanto, pedímoslle que voten, xa sei que non, pero que voten a favor de facer a figura de planeamento mellor que permita que todo isto saia para adiante.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Eu si quería aclarar unha cousa e poñer sobre a mesa, por que esta proposición chega hoxe a Pleno. Esta proposición non chegou a Pleno así porque así. Chegou a Pleno porque hai mes tiven unha reunión na Xunta de Galicia na que propuxen que en ese aparcadoiro disuasorio que se comprometeu a facer a Xunta, que lle mandamos unha primeira proposta, que ao Grupo Municipal Popular parece que non lle gustou, e condiciona a resposta da Xunta. Fai dúas propostas practicamente inviables polo seu custo, como dixerón os propios técnicos da Xunta de Galicia, pola orografía o custo sería terrible, por moitas circunstancias. Nós fixemos unha proposta nova, que foi aproveitar e facelo nesa zona, sería un sitio estupendo ver ese tipo de aparcadoiros en superficie e, a

parte, desenvolvería esa esa avenida. Hoxe vén aquí por iso, por nada máis, por nada máis. Están tratando unha vez máis, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo, de condicionar a resposta da Xunta de Galicia, porque por agora aínda non me responderon, fixeron que ían a estudala, e que me responderían, e por iso veñen agora. Nós sabemos as nosas obrigas, señor Cabarcos, pero como a Xunta de Galicia ofreceuse a facer un aparcadoiro, e nesa nesa zona dos 7000 metros que son necesarios para facer ese desenvolvemento, que incluíría os aparcadoiros, 2000 metros son da Xunta de Galicia, e no resto, como xa lle dixo o concelleiro, xa estamos a traballar co resto dos propietarios. Polo tanto, se se quere traballar por Lugo, é unha boa proposta, ademais para toda a rolda das Fontiñas, tería unha circulación paralela, quitaríamos moitos coches alí, non só de aparcadoiros, senón de circulación. Pero ben, eu o que quería dicir, que esta proposición veu por esa razón, non por outra, non porque estiveran especial interese no desenvolvemento da rúa da avenida de Vila verde, veu porque se fixo esa proposta e, como sempre, queren condicionar esa resposta que aínda non tiveron da Xunta de Galicia que, por certo, en todas as reunións, que son tremendamente positivas, cada unha das institucións cos seus técnicos, é saír de alí e o Grupo Municipal do Partido Popular non quere que se vexa esa colaboración que temos as administracións e inmediatamente sae a enredar, a enredar e tratar de condicionar esa resposta. Polo tanto, si quería que se vira porque está hoxe esta proposición aquí que é moi clara. Imos votar.

10/10 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 17/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE XESTORES ADMINISTRATIVOS PARA O RECOÑECIMENTO DA CONDICIÓ DE REPRESENTANTES AOS SEUS COLEXIADOS/AS NOS EXPEDIENTES MUNICIPAIS (Exp. 2025/G004/000035).- Vista a referida proposición do seguinte teor:

“O Concello ten o obxectivo de facilitar aos contribuíntes, e aos seus representantes, o cumprimento das obrigas e deberes tributarios, incrementando a calidade dos servizos que lles prestan, así como estreitar os vínculos de colaboración con outras institucións ou entidades relacionadas coa xestión dos tributos locais e ao propio tempo fomentar a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, todo isto coa finalidade de lograr unha administración tributaria máiscercana ao cidadán e máis sensible ás demandas da sociedade.

O Concello ten atribuída a competencia da xestión, recadación e inspección dos tributos propios, e en particular a facultade da xestión tributaria e recadación do IVTM, en virtude do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97, do Real Decreto Legislativo

2/2024, de 5 de marzo, polo que seaproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A facultade de xestión tributaria deste imposto abarca, entre outras, a realización das liquidacións de ingreso das altas no IVTM, pola matriculación de vehículos, establecida no artigo 99 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLHL, ao dispoñer que quen o solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou a certificación de aptitude para circular dun vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

O artigo 92.2. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria prevé que a colaboración social na xestión poderá instrumentarse a través de acordos da administración tributaria con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais. A estes efectos enténdense incluídas as organizacións corporativas das profesións oficiais colexiadas.

Os colexios oficiais de xestores administrativos son corporacións dotadas de personalidade xurídica que teñen as súas funcións establecidas no artigo 38 do Estatuto Orgánico Profesión de Xestor Administrativo, o cal no seu apartado k, establece, entre outras, a capacidade de implantar a canalización colexial de trámites, exclusivamente para a axilización dos mesmos e previa solicitude da Administración, sen menoscabo da libre competencia.

Por ser unha opción adoptada por numerosos concellos ao longo do territorio nacional e por ser unha solicitude deste colectivo, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Iniciar os trámites precisos para ampliar o Convenio existente entre o Concello de Lugo e a Delegación Lucense do Colexio de Xestores Administrativos de Galicia xa que, o actual límitase a tramitación da autoliquidación do IVTM.
2. Ampliar dito acordo, a través da actualización da carpeta de xestores, realizando melloras no sistema que permitan obter, os xestores dados de alta no Concello, cartas de pago de anos anteriores mediante o certificacións de estar o día no pago de dito imposto.
3. Finalmente, permitir, mediante os axustes técnicos oportunos, a obtención de certificados de empadramento dos seus representados."

Tendo en conta, así mesmo, a emenda "in voce" presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, que é aceptada polo grupo propoñente,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

consistente en substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“A formalización e adaptación do convenio co Colexio de Xestores/as Administrativos, nos termos nos que o colectivo presente e atendendo aos criterios técnicos necesarios para regular a colaboración social segundo o artigo 92 da Lei xeral tributaria (LXT) e, axilizar a tramitación dos procedementos tal como contempla o artigo 9 do Estatuto orgánico da profesión.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa modificación introducida pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

A formalización e adaptación do convenio co Colexio de Xestores/as Administrativos, nos termos nos que o colectivo presente e atendendo aos criterios técnicos necesarios para regular a colaboración social segundo o artigo 92 da Lei xeral tributaria (LXT) e, axilizar a tramitación dos procedementos tal como contempla o artigo 9 do Estatuto orgánico da profesión.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Bos días a todos e a todas. En primeiro lugar queremos desexarlle moita sorte, tanto no persoal como no profesional, e todo o noso apoio ao compañeiro Felipe Rivas na súa nova etapa que comezan a partir de hoxe. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular traemos unha iniciativa a Pleno en positivo, unha iniciativa beneficiosa para a cidade, para os lucenses en todos os ámbitos, polo que esperamos que ambos grupos estedes de acordo en apoialas. Unha das partes máis importantes da política é escoitar, escoitar activamente á veciñanza, ás entidades sociais, empresas, autónomos, colexios profesionais. Ese é o que facemos dende o Grupo Municipal do Partido Popular, escoitar as súas demandas, analizalas e tratar de levalas a cabo.

Froito desta escoita activa, e tras reunírnos co Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Lugo, xorde esta iniciativa. Como ben explicamos na parte expositiva, o Concello ten o obxectivo de facilitar aos contribuíntes e os seus representantes, o cumprimento das obrigas e deberes tributarios, incrementando a calidade dos servizos que lles presta. Así mesmo, deben estreitar os vínculos de colaboración con outras institucións ou entidades relacionadas coa xestión dos tributos locais e, ao propio tempo, fomentar a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos. A finalidade de todo isto é a de lograr unha Administración tributaria máis próxima ao cidadán e máis sensible ás demandas da sociedade neste ámbito é onde os colexios oficiais de xestores administrativos poden colaborar e máis se temos en conta a transformación da Administración electrónica dos últimos anos e todo o seu potencial. Ese é o obxectivo da nosa iniciativa: Fomentar e mellorar os trámites dos xestores administrativos co Concello de Lugo. O 12 de agosto de 2013 firmouse un convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Delegación Lucense de Colexio de Xestores Administrativos de Galicia para a tramitación de autoliquidacións e importe de vehículos de tracción mecánica, o que se coñece como IMVTM. Os xestores contan cunha carpeta específica, cun portal específico en internet para realizar esta xestión, pero é o único que poden facer. Por iso propoñemos que se inicien os trámites necesarios para ampliar o convenio existente, e que se actualice a carpeta que os xestores teñen na administración electrónica do Concello de Lugo. Propoñemos que os profesionais dados de alta no sistema poidan realizar outras xestións, como obter cartas de pago de anos anteriores, ou certificacións de estar ao día no pagamento de dito imposto, todo elo, evidentemente, se están ao corrente de pago, pois senón xa no sería posible. Tamén propoñemos que poidan obter certificados de empadronamento dos seus representados, e non estamos falando de que se lles permita poder modificar do padrón, que todo chegará, senón que poidan ter a posibilidade de descargar o certificado de empadroamento, ao igual que se lles permite descargar un imposto de circulación; todo iso evidentemente coa debida seguridade, mediante a aportación de un mandato firmado, dunha autorización ou o que se considere oportuno. O obxectivo é que os xestores administrativos poidan axudar aos cidadáns e realizar trámites de maneira máis áxil e eficiente, actuando como intermediarios entre a veciñanza e o Concello, entre a veciñanza e os funcionarios, facilitando a documentación necesaria, cumprimentando os formularios e garantindo que todo estea en orde. Non se trata, nin moito menos, de sacarles as competencias aos funcionarios, todo o contrario, que non queremos que se entenda ou se interprete o que non é. Trátase de colaborar, de axudar aos funcionarios a levar un control máis organizado e eficiente nos trámites específicos, que lles permitirá a procesar a información de maneira máis rápida. En resumo, o que buscamos é que os xestores administrativos poidan mellorar a eficiencia e a comunicación entre los cidadáns e os funcionarios do Concello, optimizando procesos, evitándose erros ou atrasos nos trámites municipais. Eses trámites agora mesmo téñense que facer a través do Rexistro Xeral, non existindo, como xa dixen anteriormente, un trámite específico na carpeta dos xestores. Insisto, una carpeta que xa está creada polo que o único que tería que facerse é actualizarse o sistema,

un sistema baseado nun convenio desactualizado e obsoleto, firmado no ano 2013, creemos que case doce anos son moitos para a administración electrónica e que chegou o momento de modernizar o convenio, de modernizar a carpeta de xestores. Por iso pedimos que sigan dando pasos para ser unha administración local próxima. Gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Quenda agora para, a concelleira Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Estamos de acordo no fondo da proposición que presenta o Partido Popular, pero entendemos que temos que ir máis alá porque ese traballo, como din vostedes que buscamos, que o Concello de Lugo desde 2013 xa leva tendo esa colaboración co Colexio de xestores e xestoras administrativas, entón entendemos unha emenda de substitución que abrangue, despois de falar tanto con técnicos municipais como co Colexio de xestores e xestoras administrativas, que di o seguinte: *A formalización é a adaptación do convenio do Colexio de xestores e xestoras administrativas nos termos nos que o colectivo presente, atendendo aos criterios técnicos necesarios para regular a colaboración social segundo o artigo 92 da Lei Xeral tributaria, e axilizar a tramitación dos procedementos, tal como contempla o artigo 9 do Estatuto orgánico da profesión.* Quero dicir, para contemplar todos aqueles aspectos que ata o de agora xa viñan realizando os xestores e xestoras administrativas para que o concello, é que sempre tivo moi boa saída. Aproveito para felicitar por todo o traballo e por toda a colaboración que sempre aportaron ao Concello de Lugo, así como polo traballo realizado polos técnicos e técnicas municipais para facilitar o que vostede dicía, que este convenio precisamente foi asinado, para conseguir trasladarlle á sociedade unha administración máis áxil, dinámica e clara e, sobre todo, xusta que, grazas á aportación e colaboración social do Colexio, é máis facilitadora. E temos que dicir que para poñernos nos tempos nos que estamos e con todas as modificacións, tanto administrativas, como de medios telemáticos, que tamén debemos actualizar, como dicimos, e adaptar ese convenio que se leva desenvolvendo dende o 2013.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. segunda quenda para a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: A verdade é que se agradece o ton da intervención, porque despois de todo o que se escoitou hoxe no salón de plenos cheo de ataques persoais, chamándonos vagos e mentireiros, agradezo o ton da intervención.

Centrándome na iniciativa, si que imos aceptar a emenda, e o que esperamos é que o cumpran, porque non estamos a pedir nada que non se faga noutros concellos ademais, incluso aquí en Lugo, e incluso nunha administración gobernada por vostedes mesmos, como é a Deputación. Que eles, entre outros trámites, ao mellor xa llo contaron, poden pedir a exención do imposto de matriculación de

vehículos agrícolas ou históricos, o que fan é: achegan o permiso de circulación, a cartilla do mandato firmado polo cliente na exención do imposto de circulación de vehículos históricos, o que achegan é o certificado e o mandato firmado polo cliente.

Entón eu o que vou a pedir é que nós imos votar a favor, pero queremos que se se cumpra, de verdad, que non quede só na votación da iniciativa, porque estamos pedindo que se reduzan os trámites, que ao final é beneficioso para todos, beneficiaría ao funcionario, xa que terá menos carga de traballo, axilizaríanse os trámites, porque non teñen que responder a todos os xestores de Lugo un por un, ou a veciñanza presencialmente, e se diminuíría a carga do Rexistro Xeral do Concello, ao existir unha canle específica. É dicir, melloraría a comunicación e eficiencia dos recursos. É unha forma de favorecer a colaboración, de facilitar procesos, de axilizar a xestión administrativa, ademais sen custos para as partes, como vostede dicía é actualizar a carpeta de xestores, ampliar o convenio a custo 0. O único obxectivo é facilitar aos cidadáns e aos xestores administrativos, en calidade de representantes voluntarios, o cumprimento das obrigas tributarias. Nós buscamos xestións, buscamos simplificar os trámites, mellorar a xestión do Concello. E nada, eu o que lles pido é que continúen incrementando os procedementos habilitados para xestores en calidade de representantes, aumentando as posibilidades de que a cidadanía resolva con axilidade o cumprimento dos seus deberes. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Gracias. segunda quenda para a señora emenda.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Alégrome que acepten a emenda porque creo que é máis completa e que actualiza a relación que levamos dende o 2013 co colexio de xestores e xestoras administrativas, Así que agradecerlle esta iniciativa, pero que xa estamos traballando dende hai tempo e non é o Partido Popular quen quere que mellore a xestión. Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Última quenda. Última quenda para a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: O que non entendo é que, se xa estaban en colaboración co Colexio de xestores, porque non a actualizaron entón, porque 12 anos son moitos para administración electrónica. Eu creo que chegou o momento de modernizar o convenio, pero por que non o fixeron entón? É o que nós non entendemos. Ben, como dicía, imos aceptar a emenda. Eu alégrome de que apoiem a iniciativa e que sigan dando pasos para ser unha administración local próximo, que continúen incrementando os procedementos habilitados, que faciliten os trámites para a veciñanza y que aumenten as posibilidades de que o cidadán resolva con axilidade e ao cumprimento dos seus deberes.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Ben, aceptada a emenda, procedemos a votar.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

11/11 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL PERMANENTE PLANIFICABLE OBRIGATORIO SOBRE O CONTROL DA EXISTENCIA DE OBRIGACIÓNS DERIVADAS DE GASTOS REALIZADOS OU BENS E SERVIZOS RECIBIDOS SEN IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA (CONTA 413) DO EXERCICIO 2023.- Vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 8 de xaneiro de 2025, expresiva do seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 08 de xaneiro de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control permanente planificable obrigatorio sobre o control da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos sen imputación orzamentaria (conta 413) do exercicio 2023 (Ref: 2025/6).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control permanente planificable obrigatorio sobre o control da existencia de obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos sen imputación orzamentaria (conta 413) do exercicio 2023 (Ref: 2025/6).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

12/12 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCIERO DOS CONTRATOS MENORES CELEBRADOS CUN MESMO CONTRATISTA NO EXERCICIO DE 2023 POR IMPORTE SUPERIOR AO

UMBRAL DA CONTRATACIÓN MENOR.- Vista a proposta da alcaldesa presidenta do seguinte teor:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 15 de xaneiro de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control financeiro dos contratos menores celebrados cun mesmo contratista no exercicio de 2023 por un importe superior ao umbral da contratación menor (Ref: 2025/31).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro dos contratos menores celebrados cun mesmo contratista no exercicio de 2023 por un importe superior ao umbral da contratación menor (Ref: 2025/31).”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

TESOURERÍA

13/13 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO 2024.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financieira durante o mes de DECEMBRO de 2024, coa numeración 117/2024 a 122/2024.

Do 01 ao 31 de DECEMBRO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2024/T030/000117	Resolución Tesourería Acordo admisión tercería dominio AARON JIMENEZ BENTOS (representante Esmeralda Jiménez Bentos)	2024/117	05/12/2024
2024/T030/000119	Resolución Tesourería rectificación erros resolución 114/2024 execución sentenza TEAM Cabana López Julio Jacobo	2024/118	09/12/2024
2024/T030/000118	Resolución Tesourería deixando sen efecto requirimento de pago a Zaera de la Vega Luis Fernando	2024/119	09/12/2024
2024/T030/000121	Resolución Tesourería Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo MARY TERESA JORDAN recibos nº 11103217 e 11638386 en conceptos de IVTM anos 2022 e 2023	2024/120	10/12/2024
2024/T030/000120	Resolución Tesourería Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo Vanessa Purificación Díaz Fernández recibo 11086492 IVTM/22	2024/121	11/12/2024
2024/T030/000122	Resolución Tesourería Recurso reposición providencia de constrinximento RAUL CEDRON VILAR recibo nº 11954586	2024/122	13/12/2024

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

14/14 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN S E CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (Exp. 2025/G004/000001).- En conformidade co informe do vicesecretario accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 13 de decembro de 2024, coa numeración 11922/2024 a 12526/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/15 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2025, RECOLLIDAS NO

LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000022).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, coa numeración 1/2025 a 429/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

NOTA: Este asunto, a instancias da Presidencia, foi tratado ao final da sesión, despois dos rogos e preguntas, se ben, por razóns de sistemática, transcríbese na presente acta no lugar no que figuraba na orde do día.

16/16 TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO FORMULADA POR DON FELIPE RIVAS JORGE, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2025/G004/000026).- Examinado o expediente tramitado para estes efectos e vista a proposta da Alcaldía do 17 de xaneiro de 2025, cuxa parte expositiva é do seguinte teor:

“Visto o escrito de renuncia ao cargo presentado polo concelleiro don Felipe Rivas Jorge, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego -que tivo entrada no Rexistro Telemático do Concello o día 17 de xaneiro de 2025, co número 202500000002555-, **PROPÓNSELLE** ao Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 178.3 da LOREG, **SE TOME COÑECEMENTO E SE ACEPTA A RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO PRESENTADA POR DON FELIPE RIVAS JORGE.**

Así mesmo, que se declare a vacante na Corporación municipal de Lugo e se solicite da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de dona Iria Buide Pena, substituta do concelleiro renunciante e candidata número 6 da lista presentada polo Bloque Nacionalista Galego, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023.”

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro presentada por **DON FELIPE RIVAS JORGE**.

SEGUNDO.- Declarar a vacante na Corporación Municipal de Lugo e solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de dona Iria Buide Pena, substituta do concelleiro renunciante e candidata número 6 da lista presentada polo Bloque Nacionalista Galego, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023, segundo o previsto no artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

MANIFESTACIÓNS

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois voulle dar a palabra ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, Felipe, que imos dicir; Comezamos hai unha andaina xa aí polo 2015, compartindo candidatura dende o 2019, sendo ambos concelleiros. E o certo é que eu, no nome do resto do grupo, o único que podo é darche as grazas por todo este esforzo nestes cinco anos e medio, sobre todo neste último período, no que, a pesar dos problemas de saúde, pois aí estiveches sempre tratando de facer o máximo esforzo, por manterte aí, agora comeza unha etapa na que te tes que recuperar o antes posible, que tes que poder volver a estar como estabas antes, estamos seguros de que vai ser muy breve e que, como xa falamos tantas veces, que saibas que te esperamos e que estamos moi pendentes de que poidamos volver contar contigo canto antes, así que moita forza.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. a voceira do Grupo Popular. Señora Candia:

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, bos días outra vez. Seguro que no hay nada que nos humanice máis que a reflexión de que nalgún momento da nosa vida podamos pasar por un problema de saúde, máis alá dos horribles debates que temos aquí. E dígoo con pena porque eu levo unha traxectoria xa de moitos anos e sempre intento que de onde saio ter un grato recordo, pero non quería deixar pasar esa oportunidade para desexarche, en primeiro lugar, una pronta recuperación, una enorme fortaleza porque é clave en todo proceso de curación, e, de verdade, se en algo podemos ser de axuda no plano humano, no plano ás veces unha acompañia ou unha aperta ou alento, tamén dá fortaleza na recuperación dun proceso de saúde. E dende o Grupo Municipal do Partido Popular, en nome de todos os compañeiros, desexarche que te recuperes moi pronto e que o leves da mellor maneira posible que, lonxe da discrepancia ideolóxica nesta etapa que seguro é difícil, nos recordes e nos identifiques como uns compañeiros, porque así nos sentimos, especialmente en capítulos duros coma este. Moita sorte e recupérate pronto.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Pois eu xa non lle dou a palabra a voceira do Partido Socialista porque o vou facer eu como voceira e como alcaldesa, porque, senón, estariámonos repetíndoa. Sabemos que te vas por motivos de saúde, Felipe, pero sobre todo me gusta dicilo e recordar as túas palabras que vimos na prensa, e que a min mesma me dixeches: Vaste por responsabilidade, vaise por responsabilidade cos veciños e veciñas, porque consideraba que non podía atendelos o 100% como facía sempre e, polo tanto, iso tamén fala do seu carácter, da súa dedicación a todos os veciños e veciñas. Creo que xa se dixo todo, fuches un bo compañeiro aquí, son seis anos que levamos xuntos aquí, e creo que todos podemos dicir que es unha persoa que podemos definirte como afable, tranquila, e iso é bonito, porque moitas veces cando un político se retira das súas ocupacións, que espero que sea temporal, non se despídese así, pero sobre todo iso, afabilidade e tranquilidade e moita implicación, que creo que iso é moi importante. Pero hoxe, creo que debes sentirte feliz Felipe, porque hoxe é o día que se aprobaron os orzamentos municipais do ano 2025, e ti contribuíches aló menos a seis orzamentos municipais, o que supón todo o desenvolvemento destes últimos anos, todo esa folia de ruta que temos este goberno progresista e, polo tanto, tes que irte moi contento, a parte dos teus fitos e as consecucións dos teus logros na túa concellería, contribuíches ao desenvolvemento e ao benestar desta cidade e levas seis orzamentos nas túas costas. Polo tanto, quero despedirme de ti afectuosamente. Esperemos que pronto nos vexamos nestas lides, Felipe.
Imos a dar un aplauso a Felipe.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN AS MEDIDAS PRECISAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DO INMOBLE E DA VECIÑANZA DA DISCOTECA VALENTINO.- Visto o citado rogo do seguinte teor:

A discoteca Valentino, situada na rúa Pintor Corredoira, pechou as súas portas no ano 2004, ocasionando dende entón numerosas queixas de veciños que poñen de manifesto a súa preocupación polo estado do inmoble e polos problemas de seguridade e salubridade. Se a isto se engade que na contorna deste inmoble atópanse varios centros docentes, a preocupación é maior e exténdese aos pais dos escolares.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para que se adopten as medidas precisas para garantir a seguridade do inmoble e da veciñanza do mesmo.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: O concelleiro do Partido Popular, Gustavo.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. A nuestro grupo municipal nos siguen llegando quejas de los vecinos por el estado en el que se encuentra la antigua discoteca Valentino. Este céntrico local, muy próximo además a varios centros educativos, presenta un alarmante estado de deterioro y de abandono. Esto es algo que preocupa a los vecinos de la zona, ya que afecta a la seguridad, a la salud pública y a su propia tranquilidad, y por eso piden que se adopten medidas. Su acceso principal está completamente abierto; la falta de higiene y la acumulación de suciedad son evidentes, lo que puede generar problemas de salud y atraer plagas, y el riesgo de incendios puede ser un hecho. No debemos esperar a que se materialice un problema grave y aunque sabemos que desde hace tiempo no se han producido denuncias formales por parte de los vecinos, debemos entender que la ausencia de incidentes en los últimos tiempos no es sinónimo de que el problema esté resuelto. De hecho, este tipo de situaciones supone un riesgo latente que podría desembocar en accidentes graves si no se toman medidas inmediatas. Por todo ello, le rogamos que no esperen a que ocurra un incidente lamentable para tomar cartas en el asunto. Pedimos que se aborden con urgencia los problemas de insalubridad y limpieza, así como los riesgos de incendios o accidentes y pedimos que se lleven a cabo las actuaciones necesarias para evitar cualquier ocupación ilegal del local y para dar tranquilidad a los vecinos. Es fundamental que este Concello actúe de manera preventiva y responsable antes de que surja un problema mayor. La seguridad y la salud de los ciudadanos no pueden estar supeditadas a la espera de que ocurran incidentes graves. Gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra polo goberno a concelleira Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ía soamente ter en consideración o rogo, pero xa que se me permite o tempo, eu creo que tamén temos que valorar, non sei, supoño, todos e todas somos coñecedores dese espazo, pero, para empezar, hai que pensar que é un espazo privado, privado. Haberá que dar conta á comunidade de veciños e, se non tomaron medidas en todo este tempo que leva aquilo, ou sexa, nós poderíamos actuar a través da Xunta tamén por temas sanitarios, se se considera. Pero a que a primeira que ten que facer esa denuncia, esa demanda, entendo que debería ser a comunidade de propietarios e propietarias do edificio. A min cónstame que a Policía Local ten coñecemento e que sempre está pendente desa zona, como as de todo Lugo, pero, dende logo, unha iniciativa privada debería poñer en coñecemento se quere a colaboración do Concello, porque nós non podemos actuar directamente se non hai un tema sanitario que nos obrigue, pero non está declarado por ningunha outra administración. Polo tanto, eu creo que debemos tratar o tema con seriedade, e que a comunidade de propietarios e propietarias estableza ou que nos diga en que situación está aquilo, porque

dende logo entendo que ten un propietario, unha propietaria, e que debe ser responsable do uso desas instalacións.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Continuamos.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL E LOCALIZADA DO PXOM NAS DISPOSICIÓNS SOBRE VOLUME DA ORDENANZA DE QUINTEIRO PECHADO.- Visto o antedito rogo expresivo do seguinte:

Dentro das disposicións normativas do planeamento xeral de ordenación municipal de Lugo existen algunhas que están a causar, dende hai anos, dificultades para a promoción privada, especialmente de pequenos propietarios, que poden ser disuasorias para acometer investimentos na urbanización e construción de pequenos terreos.

Unha delas, e das mais transcendentales, é a obriga de esgotamento da edificabilidade, no que atinxe as alturas permitidas nunha edificación residencial. Concretamente, na ordenanza de maza pechada, as disposicións de volume edificatorio falan de altura obrigatoria da construción segundo planos do PXOM.

Esta obriga supón ter que esgotar a edificabilidade dun terreo (acadando as alturas máximas) cando as circunstancias económicas ou de outra índole poden non permitilo, é un impedimento para acometer esas inversións.

Nalgún caso, unha ríxida interpretación, moi penalizante para o promotor, dun proxecto de obra de rehabilitación ou reforma, pode levar a que unha pequena modificación dos planos de cuberta existente (no que atinxe as alturas ou morfoloxía) conleve a obriga de esgotamento das alturas permitidas e con elo a non execución da mesma.

Ao respecto desta circunstancia, o grupo municipal do PP de Lugo presenta, perante a Corporación Municipal, en reunión de Pleno ordinario do mes de xaneiro de 2025, o seguinte ROGO:

A modificación puntual e localizada do texto do Plan Xeral de Ordenación Municipal, en concreto no cadro de disposicións sobre volume da ordenanza de mazá pechada (altura obrigada "segundo planos") e de outras disposicións que poidan conter a obriga de esgotamento da edificabilidade en altura en calquera caso, permitindo aos promotores privados acometer as obras de xeito gradual segundo as posibilidades e necesidades destes.

Esta modificación solicitada pódese ver acompañada de medidas limitativas para a xeración de medianas vistas ou de tratamento estético das que poidan existir.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: No día de onte puidemos coñecer a través da prensa local que o Goberno municipal está a preparar un

paquete de medidas que modifican o PXOM puntualmente. Benvidas sexan, moitas máis que teríamos que facer en pouco tempo porque realmente hai problemas no PXOM que dificultan moitísimo algunhas intervencións urbanas. Dentro deste paquete de medidas que se publican non parece incluírse está, co cal queremos rogar que se teña en consideración.

Esta ten que ver o esgotamento de edificabilidade obrigada que inclúe o plan aprobado en 2012, que non incluía o Plan do 1991. Isto prexudica notablemente intervencións de pequena entidade, de pequenos propietarios que desexan intervir no seu inmovible, mesmo modificando o gálibo da cuberta dándolle outra forma a cuberta para aloxar, por exemplo, unha caixa dun ascensor, ou paneis receptores de electricidade, receptores de luz solar para transformar en electricidade, ou situacións similares. Se ben é certo que a interpretación ocasionalmente non é tan ríxida, noutras ocasións fixéronse interpretación que deixou sen posibilidade á realización de operacións deste tipo.

Co cal dende este grupo municipal facemos este rogo, de que se faga unha modificación puntual localizada no texto do Plan xeral de ordenación municipal, en concreto no cadro de disposicións sobre volume de ordenanza de quinceiro pechado, onde altura obrigada figura segundo planos e doutras disposicións que poidan conter a obriga de esgotamento da edificabilidade na altura en calquera caso, permitindo aos promotores privados acometer obras de xeito gradual segundo as posibilidades económicas e temporais das que das que dispoñen. Ben, é certo que limitar ou facer desaparecer histórica pode xerar algunha mediana vista que non sexa aconsellable, como efectivamente obrigan os sucesivos planeamentos a solucionar, pero esta modificación pódese ver acompañada de medidas limitativas para xeración de medianas vistas ou criterios de tratamento estético que palíen este posible prexuízo que pode xerar.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Gracias, señor Cabarcos. Para darlle resposta ao concelleiro Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASION: Moitas grazas, señora alcaldesa. Grazas, señor Cabarcos polo rogo. Explicarlle que en canto a ordenanza de quinceiro pechado ao que vostede se refire nesta modificación que saíu onte en prensa vaise contemplar o criterio... ou sexa non se vai contemplar variar o criterio, pero si regular o réxime de fóra de ordenación no que se atopan as vivendas anteriores ao Plan xeral, no seu caso, para que se poida actuar nelas sen que teñan que alcanza nin altura nin o fondo obrigatorio que recolleu o PXOM. Polo tanto, eu sinto, Sr. Cabarcos, que me repita, pero xa estamos traballando niso e o Goberno xa o tiña previsto. Moitas grazas.


DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Continuamos.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA PISTA DA CHAIRA EN

OMBREIRO QUE DA ACCESO A UNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA.- Visto o devandito rogo cuxo teor é o seguinte:

A pista da Chaira en Ombreiro da acceso a unha explotación gandeira que a día de hoxe ten importantes problemas de accesibilidade derivados do mal estado que presenta. Problemas que afectan a clientes e provedores e que están a dificultar a actividade desta instalación.

Mentres, de palabra, se defende a importancia das iniciativas empresariais no rural, cando chega a hora da verdade a inacción do goberno fai que as empresas pasen por importantes dificultades.



ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025





O grupo municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se arranxe á maior brevidade se asfalte esta vía garantindo o tránsito seguro para todos os usuarios da mesma.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Señora Rubinos.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: A pista da Chaira en Ombreiro dá acceso a una explotación de gando porcino que a día de hoxe ten importantes problemas de accesibilidade polo mal estado que presenta, problemas que afectan a clientes e provedores e que están a dificultar a actividade desta empresa. De feito, os subministradores están presionando de que non os van a servir porque rebentan as rodas e ademais precisan dun tractor para dar acceso ao camiión que lles leva o penso. A alternativa a este acceso é a pista de Riazón que presenta un estado similar ou peor, polo que tampouco resolve o problema plantexado aos titulares na explotación pola señora Abelleira. De feito, se optasen por esta vía seguirían precisando os pensos e o tractor para dar acceso ao camiión. Mentres de palabra se defende a importancia das iniciativas empresariais no rural, cando chega a hora da verdade, a inacción do Goberno fai que as empresas pasen por importantes dificultades. Traemos este rogo a Pleno para que se arranxe esta vía a maior brevidade, garantindo un tránsito seguro para todos os usuarios da mesma e dando unha opción de viabilidade a unha empresa instalada no noso rural que pode servir de exemplo a outros emprendedores que miran para o rural como posible ubicación para os seus proxectos. Moitas grazas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Gracias, señora Rubinos. Doulle a palabra á concelleira, de Cohesión Territorial.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Tomámolo en consideración.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Continuamos, seguinte rogo.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A AVALIACIÓN DE QUE O VÉRTICE DAS RÚAS RÍO SIL, POMBAL E FERRO CAAVEIRO SE POIDA DESTINAR A APARCADOIRO PROVISIONAL DE VEHÍCULOS.- Visto o referido rogo que é do seguinte teor:

No barrio de Paradai atópase un chan, cuxo perímetro ven definido polas rúas Sil, Pombal e Ferro Caaveiro. A maior parte da superficie (os frontes ás rúas Sil e Pombal) este ten uso residencial colectivo, regulada coa ordenanza de volumetría específica. A terceira rúa (Ferro Caaveiro) da fronte a dous espazos nos que se contempla o uso de equipamento e zonas verdes.

Ata o de agora, só unha parte do chan que da fronte a rúa Río Sil ten ocupado parcialmente o chan e desenvolvido proxecto residencial.



O vértice deste triángulo (zona verde), onde se sitúa este edificio, ten sido obxecto dunha obra de “humanización” (termo de confuso significado, á vista do resultado dalgunhas intervencións identificadas con este) hai uns tres anos, pero nada se ten feito ao respecto das outras dúas referidas superficies.



Ao respecto desta circunstancia, o grupo municipal do PP de Lugo presenta, perante a Corporación Municipal, en reunión de Pleno ordinario do mes de xaneiro de 2025, o seguinte ROGO:

Solicitar, do goberno municipal, a avaliación das posibilidades de que (tal como ven ocorrendo de modo oficioso) se poida habilitar o espazo, aínda sen uso, do referido solo para o seu aproveitamento como aparcadoiro provisional de vehículos, como se veu facendo noutros puntos da superficie urbana en similares condicións.

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Señor Cabarcos,

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Ben, pois novamente cunha fundada expectativa de que estean traballando nisto tamén, presentamos un rogo que xorde da iniciativa da Asociación de veciños da zona de Paradai, que consiste en atopar un criterio de xestión, un método de xestión, que procure que un aparcadoiro que conflúe entre as rúas Pombal e Ferro Caaveiro do aproveitamento que se fai agora sen ordenación e dun xeito non normalizado, non regulado, pois pode atoparse un criterio para que as xestións oportunas que se poidan facer dende o Concello habiliten ese aparcadoiro como transición superficial en tanto non se desenvolva esta unidade de actuación que comprende, como ben vostede terá visto, una parte de terreo verde, outra parte de dotacional e edificación residencial con aproveitamento que de momento non está a empregada e de feito hai unha mediana vista importante que está sen tratamento. Entón, polo tanto, este rogo consiste en solicitar do Goberno municipal a avaliación das posibilidades de que, tal e como vén ocorrendo de modo oficioso, se poida habilitar o espazo, aínda sen uso, do referido só para o seu aproveitamento como aparcadoiro provisional de vehículos, como se veu facendo noutros puntos da superficie urbana en similares condicións.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra, o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Terase en consideración.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Continuamos.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROCEDEMENTO A LEVAR A CABO E A LIQUIDACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLOS PROMOTORES QUE DESEXEN CELEBRAR EVENTOS CULTURAIS NO AUDITORIO FUXAN OS VENTOS.- Vistas as citadas preguntas expresivas do seguinte:

O Concello de Lugo conta cunha ordenanza, a 403, que regula os prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais que vai desgranando nos diferentes epígrafes aquelas instalacións obxecto de liquidación polo seu uso.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta as seguintes preguntas ante o pleno:

1. Cal é o procedemento que debe levar a cabo un promotor que desexe celebrar un evento cultural no novo auditorio Fuxan os Ventos, non recollido na ordenanza?

2. Como se liquida o prezo público correspondente ás actuacións de promotores privados que se celebraran nas vindeiras datas nesta instalación, segundo a programación anunciada pola área de cultura municipal?

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo o Partido Popular, señora Colmenero.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días, señoras y señores concejales. En el pasado pleno del 4 de noviembre, la concejala de Cultura, la señora Marte Maite Ferreiro, respondía una pregunta planteada por este grupo municipal confirmando que el auditorio Fuxan os Ventos sería xestionado directamente por el Concello bajo un modelo público. Sin embargo, una vez conocidas las 22 actuaciones programadas y ya anunciadas por el Área de Cultura, nos ha llamado la atención, que algunas de ellas, dos o tres de las actuaciones, la venta de las entradas se está haciendo a través, de la plataforma Taquilla y no por medio de la página web de *entradas.lugo.es* que es la que gestiona directamente el Concello. Esta circunstancia lo que nos conduce a pensar, lo que nos sugiere, es que puidese haber o que estuvieran involucrados algunos promotores privados, que hubiese lucro. Si esto es así, es decir, si por un espectáculo alguien, un promotor, obtiene un beneficio, nos parece que es de aplicación a ordenanza 403, y, si eso es así, estaría obligado a pagar unha taxa pública por el uso del auditorio. Pero, a la vez, esta ordenanza no contempla esta instalación. Si por el Gustavo Freire entre 200 e 500 euros al día, pero no por el Fuxan os Ventos. Dicho esto, nos gustaría saber qué tarifa pública se le está aplicando por el uso del auditorio a estes promotores privados, si es que en verdad en esta programación alguno es así. Y, en todo caso, saberlo para actuaciones futuras previstas, qué es lo que tienen que hacer, qué tasa tienen que pagar, teniendo en cuenta que la ordenanza actual no contempla una tasa para el auditorio Fuxan os Ventos. A este grupo municipal nos parece importante que nos aclare neste aspecto, pues nos parece un ejercicio de transparencia para el uso del auditorio, del nuevo auditorio municipal Fuxan os Ventos. Muchas gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, Señora Colmenero. Doulle a palabra a concelleira Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Pois moitas grazas, alcaldesa. Bo día a todas e a todos. Pois é moi sinxelo. Eu agardo que se queden tranquilos de que ninguén se está lucrando de xeito indebido. Como ben saben, ese novo auditorio empezou a funcionar hai moi pouquiño tempo. Estamos traballando para redactar a ordenanza aprobada, como a que hai neste momento xa no Gustavo Freire, e nas actuacións programadas ata o momento en que son privadas, fanse en colaboración co Concello, como así se vén facendo tamén noutras actividades nese mesmo sentido que se veñen desenvolvendo tamén no Gustavo Freire. Grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Continuamos. Seguinte pregunta.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO EDIFICIO IMPULSO VERDE.- Visto o citado escrito, no que se formulan as seguintes preguntas:

No mes de maio a alcaldesa de Lugo anunciaba o traslado da Empresa municipal de suelo (EIVISLUSA) ao edificio Impulso Verde, e avanzou que ao inmobile acollería tamén un programa sobre unha lanzadeira emprendedora coa que buscar impulsar proxectos innovadores no sector do turismo. Por isto o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a PLENO as seguintes PREGUNTAS:

1. Cal é o horario de apertura e peche do Edificio Impulso Verde?
2. Existen horarios diferenciados para o público xeral e as actividades internas?
3. Está previsto ampliar os horarios en eventos especiais ou durante as fins de semana?
4. Cantas persoas traballan actualmente no Edificio Impulso Verde?
5. Existe persoal de atención ao público?
6. Hai persoal destinado ao mantemento do edificio e das instalacións sostibles?
7. Que tipo de actividades se realizan regularmente no Edificio Impulso Verde?
8. Ofrecense obradoiros, charlas ou programas educativos relacionados coa sustentabilidade?
9. Que servizos están dispoñibles para os usuarios, como espazos de coworking, salas de reunións ou servizos tecnolóxicos?
10. Como se xestionan as solicitudes para o uso dos espazos do edificio?
11. Hai actividades deseñadas especificamente para escolares, familias ou colectivos concretos?
12. O edificio colabora con empresas ou asociacións locais para desenvolver as súas actividades?
13. Existen mecanismos para que a cidadanía poida propoñer actividades ou suxestións para o edificio?
14. Que canles de comunicación existen para informar ao público sobre actividades e servizos?
15. Hai algún sistema de reservas en liña para as instalacións ou servizos do edificio?
16. Hai sistemas educativos dentro do edificio que expliquen o seu deseño sostible aos visitantes?

17. Cal é o custo anual estimado de mantemento do edificio?
18. Que colaboración existe con universidades ou organismos de investigación en relación ao edificio?
19. Que medidas de seguridade están implementadas no edificio, tanto para os usuarios como para as súas instalacións?
20. Como se xestionarán as dúas entradas do edificio para facilitar estes usos compartidos?
21. Haberá espazos reservados especificamente para a cidadanía ou para actividades culturais?
22. Cando está previsto que comece a operar a lanzadeira emprendedora?
23. Que sectores ou áreas de negocio terán prioridade na selección de proxectos para a lanzadeira?
24. Como se xestionarán as prazas de coworking e quen poderá acceder a elas?
25. Haberá algún tipo de apoio económico ou formativo para os emprendedores que utilicen estes espazos?
26. Que plans de comunicación ten o goberno local para explicar as novas funcións do edificio á poboación?
27. Publicaranse informes de xestión e actividade do edificio para garantir a transparencia?

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Moi brevemente, aínda que a extensión das preguntase é longa, pero muy brevemente, sobre este fito da arquitectura que temos alí, fronte ás termas alí en Garabolos, probablemente non apreciado, polo menos eu non son capaz nas miñas cortas entendedeiras de aprecho en toda a súa amplitude, pero, ben, despois deste hito da arquitectura, como digo, que temos alí, a parte do Garañón, do carril bici ou da Fábrica da Luz, gustaríanos saber para qué serve, simplemente. Van unha serie de preguntas sobre o edificio Impulso Verde, como lles gusta chamalo. Gustaríanos saber o horario de apertura; qué hai aí realmente; cánta xente traballa alí adentro; qué actividades se levan a cabo; qué actividades se realizan dende o punto de vista educativo, dende o punto de vista da sustentabilidade, como se anunciou; qué servizos hai para os usuarios; as solicitudes ou cómo se tramitan as solicitudes para o uso, sobre todo os seus espazos de coworking, ou dispoñibles para os usuarios, que din que hai no edificio; cáles son as canles de comunicación para acceder a el; cá é o custo anual de mantemento; e saber, en definitiva, cómo funciona ese inmoible; qué medidas de seguridade; cómo se van a xestionar as entradas e saídas do edificio, dado que hai un uso privado ou, por así dicilo, interno e municipal e outro para o uso público; qué foi desa lanzadeira emprendedora ou cando vai empezar a funcionar; cómo se van a xestiona. Un pouquiño, saber exactamente que temos nese gran fito da arquitectura lucense, do que non somos capaces de desfrutar de momento os lucenses.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moi ben. Para responder o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Antes que nada me gustaría hacer una puntualización: es que nos estamos hablando de una pregunta, sino que son 27. Si se me permite, señora alcaldesa, me gustaría que la secretaria del Pleno nos aclarase si debemos valorar y admitir o no a esta pregunta, porque no es una pregunta, son 27. Según el ROMP entendemos que...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Pois ten a palabra, secretaria do Pleno.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, podo facer lectura do artigo 102, de resposta oral a preguntas ante o Pleno. O apartado segundo indica que o escrito non poderá conter máis que a concisa e estricta formulación dunha soa cuestión, interrogando sobre o feito, situación ou información á que se refira, ou sobre se o Goberno municipal tomou o vai tomar algunha decisión en relación con algún asunto dentro do ámbito da competencia municipal.

O apartado segundo deste artigo 102 restrinxe a a que se formule unha soa cuestión, esa cuestión poderá, indubidablemente, ter algún apartado ou varios apartados, pero sempre que entre dentro do tempo de responder...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Eu quero dicir que, fixen as contas, porque 27 preguntas, pouco lles interesa o impulso verde. Se temos catro minutos para contestar a 27 preguntas, danos a 6,4 segundos a resposta. Non lle interesa nada o impulso verde. Está claro. Hai que ser serios, non se pode contestar esa cantidade preguntas que dicíamos e creo que o regulamento é moi claro. Se queren unha unha pregunta concreta, fágana. Nós nunca fomos rixidos niso. Cando se fan preguntas, fanse unha, dúas ou tres, como acabamos de ver, e sempre se contestaron, pero isto xa me parece como unha diarrea interrogativa que non ten moito que ver con aclarar cousas. Me parece, creo que é un pouco iso, porque contestar 27 preguntas en catro minutos paréceme que é bastante complexo e, polo tanto, ou non lles interesa ou terán que dirixirse ao servizo e facerlle as preguntas que correspondan, no momento, se verdadeiramente teñen interese. Polo tanto, creo que, conforme ao artigo 102.2 do regulamento municipal, non fai falta contestar. 27 preguntas.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A APERTURA E FUNCIONAMENTO DA CAFETERÍA DO VELLO CÁRCERE.- Vistas as anteditas preguntas do seguinte teor:

No mes de setembro adxudicábase a cafetería do Vello Cárcere anunciando que se procedería á súa apertura no mes de novembro.

Chegados ao mes de xaneiro do 2025, e antes as numerosas consultas dos veciños da cidade, o grupo municipal do Partido Popular presenta ante a comisión

corresponde, as seguintes preguntas:

1. Cando se procederá á apertura da cafetería/restaurante do Vello Cárcere?
2. Cal é o motivo de que non esté funcionando esta instalación?

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Polo Partido Popular, señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Gracias, alcaldesa. Ano 2019, ninguén quere a cafetería do Vello Cárcere; ano 2020, a mellor cafetería de Lugo, busca quen as xestione; ano 2021, estas son as condicións para optar ao restaurante coas mellores vistas de Lugo; ano 2022, á cafetería, coas mellores vistas de Lugo, segue sen ter quen queira; ano 2024, por qué ninguén quere levar algunha das mellores cafeterías de Lugo.

Estes son algúns titulares que reflicten os medios de comunicación desa inauguración do Vello Cárcere, o cal ten a cafetería pechada desde marzo do ano 2017. A incapacidade do Goberno local para abrir ou manter abertos os edificios municipais é xa recorrente. Vímolos coa Fábrica da Luz, co auditorio Fuxan os Ventos, co edificio Impulso Verde, coa cafetería do Centro Social de Fingoi, coa cafetería do Centro Social Milagrosa e coa cafetería do Auditorio. Centrándonos na cafetería do Vello Cárcere, tras quedar deserto o concurso ata en cinco ocasións, adxudicábase en setembro do ano 2023, fai ano e medio, e anunciábase a súa apertura no mes de novembro. Pasan os meses e nada se sabe e a veciñanza nos pregunta frecuentemente a razón por la que no está xa aberta. Por elo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante este Pleno dúas preguntas: Cando se procederá á apertura da cafetería? ...

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Perdón, mellor diga unha 1, ou dúas tal, porque o noso regulamento di unha. Entón diga unha con dous apartados...

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: ... Unha pregunta con dous apartados, a) e b). Apartado a) Cando se procederá á apertura da cafetería restaurante do Vello Cárcere? Apartado b) Cal é o motivo de que non estea funcionando esta instalación? Gracias.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Carballas. Vaille a contestar a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Ben, pois si, voulle contestar aos dous apartados da pregunta, de forma moi breve, ademais. Eu espero que lle aclare as dúas preguntas. Non temos información exacta de cando se vai abrir, porque é unha cousa do hostaleiro, polo tanto entendemos que será en breve. Tampouco hai un motivo concreto, que nós saibamos, para que non se abra xa. Dende logo que desde a Área se está colaborando e puxendo a disposición para todo aquilo en que

poidamos axudalo. Polo tanto, é unha decisión única e exclusivamente da empresa de hostalería.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Ferreiro. Continuamos.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CONFLITO ACTUAL NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E SOBRE A RELACIÓN COS MÚSICOS E A SÚA SITUACIÓN LABORAL E A XESTIÓN E FUTURO DESTA ESCOLA.-Vistas as devanditas preguntas que son do seguinte teor:

Ante a dimisión en pleno da directiva da escola municipal de música de Lugo tras ser nomeada por decreto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO, as seguintes preguntas:

Sobre o conflito actual na escola municipal de música:

1. Como valora a renuncia en bloque da xunta directiva da escola municipal de música? Que cre que motivou esta situación?
2. Que medidas están a tomar dende a súa concellería para resolver a falta de equipo directivo na escola e garantir o funcionamento das clases para os 400 alumnos matriculados?
3. Cal é o mecanismo legal ou administrativo que se está evaluando para cubrir as vacantes no equipo directivo?
4. Dende a renuncia en outubro, que esforzos se fixeron para evitar a paralización das clases e reactivar a actividade docente na escola?
5. Estando a establecer prazos concretos para a resolución deste conflito ou para a designación dun novo equipo directivo?

Sobre a relación cos músicos e a súa situación laboral:

6. En canto aos músicos da Banda que demandan o recoñecemento da categoría C1, como avanza o proceso de modificación da relación de postos de traballo?
7. Cal foi a resposta da Administración local ante as demandas dos músicos da Banda? Cre que a situación laboral dos profesores da escola de música está directamente vinculada á falta de persoal directivo?
8. Que outros cambios se están a considerar na estrutura laboral da escola municipal de música para garantir a satisfacción e estabilidade dos docentes e o alumnado?
9. Como se está a manexar a percepción das nais e pais respecto á falta de clases na escola desde o comezo do curso escolar? En termos de comunicación, que pasos se están a dar para informar e tranquilizar ás familias, alumnos e profesores respecto á resolución da situación?

Sobre a xestión e o futuro da escola municipal de música:

10. Cal é o impacto deste conflito na oferta cultural e educativa da cidade? Como cre que afectará á imaxe de Lugo como referente cultural se este conflito non se resolve rapidamente?
11. Que esforzos están a facer dende a súa concellería para mellorar a relación cos músicos e evitar futuros conflitos na escola municipal de música?

12. Está a súa concellería a plantexar a creación dun plan estratéxico a longo prazo para garantir a estabilidade da escola de música e a continuidade das súas clases no futuro?

13. Como pode afectar este conflito ao orzamento destinado á cultura e educación en Lugo? Hai previsión de incrementar ou reorientar recursos para resolver esta situación?

14. Está prevista algunha mellora na infraestrutura ou os recursos da escola municipal de música para que os docentes e estudantes poidan desenvolver a súa actividade con normalidade?

DELIBERACIÓN

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Gracias, señora alcaldesa. Recentemente coñecemos unha reunión previa, penso que foi concretamente antes do Nadal, que mantivo a señora concelleira, señora Ferreiro, e a señora alcaldesa, Paula Alvarellos, no que xa se aseguraba que o conflito estaba a piques de resolverse e proximamente a Escola de Música empezaría a impartir esas clases a preto de 400 familias. E todo parecía e iso ía ser porque eu mesmo defendín aquí unha moción na cal se poñía enriba da mesa a necesidade de ter aos traballadores recoñecidos con ese nivel C1, e esa proposta foi rexeitada polo equipo de goberno, porque xa estaban traballando niso e aseguraban que a principios de xaneiro a Escola de Música estaría funcionando a pleno rendemento, as familias estarían coa debida conciliación familiar e os alumnos xa estarían recibindo as pertinentes clases. Ben, desgraciadamente -non me alegro diso, ademais estou convencido de que o equipo de goberno tampouco- a realidade é que estamos a finais de febreiro e non temos noticias ao respecto. Por iso eu presento, é unha pregunta con 13 apartados, pero imos deixalos, entón, soamente en tres, no apartado número dous, que di: qué medidas se están a tomar pola súa concellería para resolver a falta de equipo directivo na escola e garantir o funcionamento das clases para os máis de 400 nenos matriculados? Moitas grazas.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Contéstalle a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Ben, efectivamente son 14 preguntas, tres apartados, tres bloques, pero ben, mira, como este Goberno é xeneroso e nos interesa tamén dar a información, porque non temos nada que ocultar e ademais entendo o Partido Popular sempre tan sincero que vai facer uso desa sinceridade que a adoita ter a diario, voulle contestar, a pesar de entrever nestas súas preguntas que non teñen moi claro cal é a función da Escola de Música e da Banda, porque, aínda que son o mesmo persoal nos dous lados, ou unha maioría, non teñen, digamos, a mesma maneira de funcionar.

Desde o primeiro momento en que se iniciou o proceso para a elección da Xunta directiva, seguiu-se todo tal e como está establecido no regulamento da propia escola. Contestando os escritos e recursos presentados polo persoal da escola e respectando, por suposto, os prazos legais, facendo todo o posible dentro das competencias da Área de Cultura. Despois do nomeamento por decreto, da directiva, quedou o derradeiro paso que é contestar aos recursos presentados, que se lles contestara, o último que presentaron, nas próximas horas. Cumpriremos os prazos e daremos todos os pasos administrativos para intentar a volta á normalidade o antes posible.

As demandas do persoal da escola vén dende hai tempo, e dende o Goberno intentouse que o proceso de modificación da RPT non afecte á escola. Como dixeron, aí hai dúas funcións que eu creo que non teñen claras, baixo o meu punto de vista. A banda de música, coa chegada do director, están ensaiando con normalidade, e, insisto, dende o Goberno estase facendo todo o posible para que isto se solucione, tendo en conta que hai un compromiso firme de modificar a RPT para atender as súas demandas. Estamos tamén en contacto coas familias para mantelas informadas da situación. Entendemos que a situación da escola non ten nada que ver ben coa oferta cultural nin educativa, a escola oferta unha formación musical non regrada, polo tanto agardamos tamén que se recupere o antes posible. Tampouco entendemos que poida afectar ao orzamento do Concello para que poida ocasionar algún tipo de prexuízo. A nivel educativo seguimos prestando os mesmos servizos da educación, como comedores escolares e actividades extraescolares e atención ás escolas infantís, como sempre, a pesar de ser unha competencia allea ao Concello. Non afectan tampouco ao ensino regrado, como ben saben, que é a competencia da Xunta, tampouco afecta as actividades culturais, e tamén atendemos cada ano ás demandas dos recursos que precisan, tanto dá que afecten á escola como o as que afecten á banda de música. En resumo, o Goberno está a facer todo o que pode para solucionar este conflito, mantendo contacto e informando dos pasos que se dan desde os distintos servizos aos implicados, tanto ao director da banda como aos traballadores e traballadoras da Escola de Música.

DONA PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, Señora Ferreiro.

NOTA: Finalizada a quenda de rogos e preguntas é cando se trata o asunto relativo á toma de razón e aceptación de renuncia ao cargo de concelleiro formulada por don Felipe Rivas Jorge (asunto 16/16 da orde do día). Non obstante, por razóns de sistemática, dito acordo figura transcrito na presente acta no lugar que lle correspondería segundo a orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e trece minutos do expresado día trinta de xaneiro de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8870406287323299763.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-1-2025

decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.